

Problemas de estructuras de barras

50 Exercicios resoltos paso a paso

Manuais

Serie manuais didácticos

Autores

Manuel Cabaleiro Núñez
Borja Conde Carnero
José Carlos Caamaño Martínez
Belén Riveiro Rodríguez

Manuel Cabaleiro Núñez
Borja Conde Carnero
José Carlos Caamaño Martínez
Belén Riveiro Rodríguez




Os autores deste libro son profesores Titulares de Universidade na Escola de Enxeñería Industrial da Universidade de Vigo, na área de coñecemento de Mecánica dos Medios Continuos e Teoría de Estruturas, sendo docentes na materia de Teoría de Estruturas e Construcións Industriais. Todos os autores contan con mais de 10 anos de experiencia como docentes en materias relacionadas co cálculo de estruturas. Manuel Cabaleiro e J. Carlos Caamaño teñen mais de 10 anos de experiencia previa como profesionais na industria deseñando e calculando estruturas. Ademais, todos os autores forman parte do

grupo de investigación de Xeotecnoloxías Aplicadas da UVigo, onde traballan no ámbito do mantemento de infraestruturas do transporte terrestre e construcións históricas. Neste eido, desenvolven liñas de investigación centradas na avaliación de estruturas existentes e na monitorización da saúde estrutural de activos críticos como son as pontes. Froito desas investigacións, financiadas mediante proxectos competitivos nacionais e internacionais, estes autores contan con máis de 150 publicacións en revistas de prestixio internacional e participación en máis de 50 congresos internacionais.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo



Manuais

Serie de manuais didácticos

n.º 086

Edición

Universidade de Vigo
Servizo de Publicacións
Rúa de Leonardo da Vinci, s/n
36310 Vigo

Deseño da portada

Tania Sueiro Graña
Área de Imaxe
Vicerreitoría de Comunicacións e Relacións Institucionais

Maquetación

Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

Fotografía da portada

Universidade de Vigo

Impresión

Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

ISBN (Libro impreso)

978-84-1188-008-4

Depósito legal

VG 143-2024

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2024

© Manuel Cabaleiro Núñez, Borja Conde Carnero, José Carlos Caamaño Martínez e Belén Riveiro Rodríguez

Sen o permiso escrito do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, queda prohibida a reprodución ou a transmisión total e parcial deste libro a través de ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluídos a fotocopia, a gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación.


Ao ser esta editorial membro da **une**, garántense a difusión e a comercialización das súas publicacións no ámbito nacional e internacional.


Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo



HR EXCELLENCE IN RESEARCH





Este volume publícase
co financiamento da



**XUNTA
DE GALICIA**


Problemas de estruturas de barras

50 Exercicios resoltos paso a paso

Autores

Manuel Cabaleiro Núñez
Borja Conde Carnero
José Carlos Caamaño Martínez
Belén Riveiro Rodríguez

1.1	Conceptos teóricos	11
1.1.1	Método dos nodos	12
1.1.2	Método das seccións	13
1.1.1	Cálculo de desprazamentos polo método dos traballos virtuais	14
1.1.1	Cálculo de estruturas hiperestáticas de grado 1	14
1.2	Problemas de estruturas articuladas	18
1.2.1	Exercicio A-1. Celosía simple de cuberta	18
1.2.2	Exercicio A-2. Celosía triangular invertida	24
1.2.3	Exercicio A-3. Torre eléctrica. Cargas verticais	28
1.2.4	Exercicio A-4. Torre eléctrica. Carga horizontal	31
1.2.5	Exercicio A-5. Torre eléctrica. Cargas parciais	37
1.2.6	Exercicio A-6. Celosía triangular con ángulos de 60° e 30°	40
1.2.7	Exercicio A-7. Estruturas articuladas. Grúa en ménsula	44
1.2.8	Exercicio A-8. Celosía plana tipo Pratt	49
1.2.9	Exercicio A-9. Celosía plana tipo Howe	56
1.2.10	Exercicio A-10. Celosía plana tipo Warren	61
1.2.11	Exercicio A-11. Grúa de porto	64
1.2.12	Exercicio A-12. Celosía triangular tipo Pratt	70
1.2.13	Exercicio A-13 Celosía con arriostramento en V	73
1.2.14	Exercicio A-14. Celosía plana tipo Warren de tres barras inferiores	78
1.2.15	Exercicio A-15. Celosía plana tipo Warren de dos barras inferiores	81
1.2.16	Exercicio A-16. Marco cadrado con unha diagonal	84
1.2.17	Exercicio A-17. Marco cadrado hiperestático con dúas diagonais	88
1.2.18	Exercicio A-18. Marco cadrado hiperestático en apoios	93
1.2.19	Exercicio A-19. Celosía invertida	98
1.2.20	Exercicio A-20. Celosía invertida con cargas superiores	107
1.3	Bibliografía capítulo 1. Estruturas de barras articuladas	110



2.1	Conceptos teóricos	111
2.1.1	Determinación de Momentos Flexores (M) e cortantes (V) en barras de pórticos	112
2.1.2	Criterio de signos de M	113
2.1.3	Coeficiente de transmisión t_{AB}	113
2.1.4	Rixidez ó xiro (K_{AB}): caso de extremo B perfectamente encastado	115
2.1.5	Rixidez ó xiro (K'_{AB}): caso de extremo B articulado	117
2.1.6	Rixidez ó xiro (K''_{AB}): caso de barra en ménsula	118
2.1.7	Equilibrio e xiro nun nodo ríxido, sen translación	119
2.1.8	Estruturas translacionais. Estados paramétricos. Orde de Translacionalidade (OT)	121
2.2	Problemas de estruturas de nodos ríxidos	122
2.2.1	Exercicio R-1. Pórtico de 3 alturas. Cálculo orde de translacionalidade	122
2.2.2	Exercicio R-2. Pórtico de 2 alturas, dúas plantas. Cálculo orde de translacionalidade	125
2.2.3	Exercicio R-3. Pórtico de 2 vanos, diferentes alturas. Cálculo orde de translacionalidade	128
2.2.4	Exercicio R-4. Estrutura de 1 nodo ríxido	131
2.2.5	Exercicio R-5. Pórtico de 3 barras	134
2.2.6	Exercicio R-6. Pórtico de 3 barras. Incremento de inercia no lintel	148
2.2.7	Exercicio R-7. Pórtico de 3 barras. Incremento de inercia nos pilares	152
2.2.8	Exercicio R-8. Pórtico de 3 barras con bases articuladas	156
2.2.9	Exercicio R-9. Pórtico de 3 barras con ménsula	159
2.2.10	Exercicio R-10. Viga continua	166
2.2.11	Exercicio R-11. Pórtico de dous vans e dúas alturas	174
2.2.12	Exercicio R-12. Pórtico continuo con piar e barra suspendida	181
2.2.13	Exercicio R-13. Pórtico de galería	185
2.2.14	Exercicio R-14. Pórtico de 6 barras con ménsula	190
2.2.15	Exercicio R-15. Pórtico simétrico de 3 piares e 2 vans	195
2.2.16	Exercicio R-16. Pórtico de 3 pilares e 2 vans. Con articulación	201


2.2.17	Exercicio R-17. Pórtico de 3 piares e 2 vans con carga asimétrica	205
2.2.18	Exercicio R-18. Pórtico de 3 barras. Desprazamento lateral por unha forza horizontal	208
2.3	Táboas de momentos de encastamento perfecto	215
2.3.1	Barras perfectamente encastadas en ambos extremos	215
2.3.2	Barras articuladas nun extremo e perfectamente encastadas no outro	217
2.4	Bibliografía capítulo 2, método de Cross	219

03

Cálculo matricial de estruturas de barras

221

3.1	Conceptos teóricos	221
3.1.1	Matriz de rixidez de barra de pórtico plano	221
3.1.2	Matriz de rixidez de barra de celosía plana	224
3.1.3	Outras matrices de rixidez	225
3.1.4	Táboas de forzas e momentos de empotramento perfecto	228
3.2	Problemas de calculo matricial de estruturas de barras	230
3.2.1	Exercicio M-1. Celosía triangular con carga puntual vertical	230
3.2.2	Exercicio M-2. Pórtico con carga puntual nun dos nós	244
3.2.3	Exercicio M-3. Celosía triangular con cargas puntuais vertical e horizontal	248
3.2.4	Exercicio M-4. Celosía triangular con carga uniformemente distribuída nunha das barras	252
3.2.5	Exercicio M-5. Pórtico con carga distribuída triangular	262
3.2.6	Exercicio M-6. Pórtico con carga puntual nunha das barras	267
3.2.7	Exercicio M-7. Viga continua con carga distribuída e puntual	272
3.2.8	Exercicio M-8. Viga continua con rótula na sección central e carga distribuída e puntual	277
3.2.9	Exercicio M-9. Viga continua con asento nun dos apoios. Resolución polo método directo	283
3.2.10	Exercicio M-10. Viga continua con asento nun dos apoios. Resolución polo método indirecto	288
3.2.11	Exercicio M-11. Estrutura de nós ríxidos con carga térmica e uniformemente distribuída	293
3.2.12	Exercicio M-12. Estrutura de nós articulados con carga puntual e apoio elástico	298
3.2.13	Exercicio M-13. Estrutura de nós articulados con carga distribuída, térmica e apoio elástico	301
3.3	Bibliografía capítulo 3.	306



1. Estruturas de barras articuladas

1.1 Conceptos teóricos

- **Estruturas reticulares de barras articuladas** son estruturas formadas por barras onde os nodos están articulados, permitindo o xiro das barras. Polo tanto, nos nodos non se pode transmitir momentos e as barras traballan so a tracción ou compresión.

- **Suposto para cálculo das estruturas articuladas**, vamos supor sempre que:

- Os nodos son totalmente articulados.
- As barras son sempre rectas .
- As cargas están sempre nos nodos.
- As barras traballan so a tracción ou compresión.

11





Figura 1.1 Exemplo de estrutura reticulada de barras articuladas con múltiples cargas.

-**Grado hiperestaticidade total (GHT)** e a diferencia entre nº ecuacións de equilibrio dispoñibles para resolver a estrutura e o número de incógnitas (esforzos en barras + reaccións en apoios)

-**Grado de hiperestaticidade total (GHT)** e igual a suma do numero de barras (B) da estrutura mais o numero de reaccións (R) menos o dobre do numero de nodos (N) de la estrutura.




$$\text{GHT} = (B + R) - 2N$$

Figura 1.2 Exemplo de estrutura reticulada de barras articuladas hiperestática.

Grado de hiperestaticidade externo (GHE) e a diferenca entre o número de reaccións (R) nos apoios e o numero de ecuacións de equilibrio externo da estrutura completa, normalmente 3.

12



Exemplo: $GHE=R-3= 4-1=1$

$$GHE=R-3$$


Figura 1.3 Exemplo de estrutura a de barras articuladas hiperestatica externamente de grado 1.

A estrutura da figura 1.3 e hiperestática externamente, porque ten una reacción mais das que son necesarias

- **Grado hiperestaticidade interno (GHI)** e o número de barras que ten de mais a estrutura para ser estable e polo lo tanto isostática internamente. E igual a diferenca entre o grado de hiperestaticidade total e o externo

$$GHi = GHT - GHE$$

Exemplo:



$$GHT=(10+2)-2*6= 1$$

$$GHE=3-3=0$$


$$GHi= 1-0=1$$

Figura 1.4 Exemplo de estrutura a de barras articuladas hiperestatica internamente de grado 1.

A estrutura da figura 1.4 ten una barra mais das necesarias para que a estrutura sexa estable. Sobra una das barras que se cruzan no marco da esquerda

1.1.1 Método dos nodos

O método dos nodos empregase para determinar os esforzos nas barras nas estruturas articuladas isostáticas. Neste método comezase por un nodo onde se teña como máximo dúas incógnitas (valor dos esforzos nas barras ou reaccións) e se coñeza como mínimo unha forza ou barra. As forzas de cada barra débúxanse como vectores na dirección da barra e saíndo do nodo, e dicir supoñendo (R.A.G) sempre que a barra traballa a tracción (se despois dá negativo quere dicir que esta realmente a compresión). Ó diagrama de forzas do nodo se lle aplica equilibrio estático mediante as ecuacións de sumatório de forzas en X igual a 0, e sumatório de forzas en Y igual a 0. Despois continuamos polo seguinte nodo que teña máximo dúas incógnitas




$$\begin{aligned} \sum F_x &= 0 & -N1 - N2 \cos 45^\circ &= 0 \\ \sum F_y &= 0 & N2 \sin 45^\circ - P &= 0 \end{aligned}$$

13

Figura 1.5 Exemplo de estrutura a de barras articuladas isostatica con carga nun nodo.

Simplificacións:

- Nodo sen carga e con só 2 barras: ningunha das 2 barras traballa
- Nodo sen carga, con 2 barras aliñadas e unha terceira formando ángulo coas anteriores, o axial da terceira barra e nulo



1.1.2 Método das seccións

O método das seccións consiste en dividir a celosía en dúas partes mediante unha liña que corte máximo tres barras. Nos puntos de corte das barras pónselle a forza equivalente da barra. Despois Quedarnosvos co lado que teña máximo tres incógnitas. Finalmente aplicamos as tres ecuacións de equilibrio da estática: forzas en X igual a cero, forzas en Y igual cero, momentos respecto un punto igual a cero.




Figura 1.6 Exemplo de calculo polo método das seccións.

1.1.1 Cálculo de desprazamentos polo método dos traballos virtuais




Figura 1.7 Exemplo de estrutura de barras articuladas isostática na que se vai calcular o desprazamento horizontal no nodo A.

Os pasos a seguir no cálculo dos desprazamentos polo método dos traballos virtuais son:

- 1º Calcular os esforzos (N_i) en cada unha das barras debido as cargas externas.
- 2º Sobre a estrutura sen cargas externas, situar una carga de valor 1, no nodo e dirección onde se quere calcular o desprazamento. Calcular o valor dos esforzos (n_i) virtuais debido a carga de valor 1 en cada una das barras




Figura 1.8 Exemplo de estrutura de barras articuladas isostática na que se situou unha carga horizontal de valor 1 no nodo A, para así calcular o desprazamento horizontal do nodo A.

- 3º Aplicar a expresión baseada no principio dos traballos virtuais para o calculo de desprazamento en celosías.

$$\delta_j = \sum \frac{N_i \cdot L_i}{A_i \cdot E_i} n_i$$

De forma xenérica, cando tamén hai cambios de temperatura ou erros na lonxitude das barras pódese empregar a expresión:

$$\delta_j = \sum \left(\frac{N_i \cdot L_i}{A_i \cdot E_i} + \alpha_i \cdot L_i \cdot \Delta t + e_i \right) n_i$$

1.1.1 Cálculo de estruturas hiperestáticas de grado 1.

Os pasos a seguir para calcular estruturas hiperestáticas de grado 1 son:

- 1º Identificar o elemento ou apoio que produce a hiperestaticidade.

Hiperestaticidade por apoios




Figura 1.9 Exemplo de estrutura hiperestática por barras




Figura 1.10 Exemplo de estrutura hiperestática por apoios .

2º Xerar a isostática fundamental da estrutura.

No caso de hiperestaticidade por apoios, temos que substituír un dos apoios redundantes por unha forza equivalente á reacción X que se produce en dito apoio. Despois debemos empregar a ecuación de compatibilidade da deformación no apoio substituído, como ecuación adicional para resolver a hiperestaticidade.




Figura 1.11 Exemplo isostática fundamental de estrutura hiperestática por apoios .

No caso de hiperestaticidade por barras, temos que cortar unha das barras redundantes e manter o axial que soportaba dita barra mediante unhas forzas X equivalentes a o axial nos extremos do corte. Despois debemos empregar a ecuación de compatibilidade da deformación no punto de corte de dita barra, como ecuación adicional para resolver a hiperestaticidade. (Ver figura 1.11, por ser o punto a e a' o mesmo punto, a deformación relativa entre ambos é cero)




Figura 1.12 Exemplo isostática fundamental de estrutura hiperestática por barras .

3º Descompor a isostática fundamental da estrutura.

3.1 Para o caso de hiperestaticidade por barras:

a) Primeiro, cálculo do valor dos axiais da estrutura sen a barra que sobra e cas cargas externas.

b) Segundo, cálculo do valor dos axiais da estrutura sen cargas externas pero co axial X da barra que eliminamos no paso anterior. Pero para simplificar os cálculos vamos substituír o axial X , por unha carga de valor 1, e os resultados obtidos serán multiplicados pola constante de valor X .

16




Figura 1.13 Exemplo de descomposición da isostática fundamental dunha estrutura hiperestática por barras .

3.1 Para o caso de hiperestaticidade por apoios:

a) Primeiro, cálculo do valor dos axiais da estrutura sen o apoio que sobra e cas cargas externas.

b) Segundo, calculo do valor dos axiais da estrutura sen cargas externas pero coa reacción X do apoio que eliminamos no paso anterior. Pero para simplificar os cálculos vamos substituír a reacción X , por unha carga de valor 1, e os resultados obtidos serán multiplicados pola constante de valor X




Figura 1.14 Exemplo de descomposición da isostática fundamental dunha estrutura hiperestática por apoios

4º Cálculo do valor de X. Aplicar a expresión inferior, baseada no principio dos traballos virtuais e a ecuación da compatibilidade da deformación, para o cálculo do valor de X, e polo tanto do axial á reacción da estrutura hiperestática

$$\sum \frac{N_i^0 \cdot L_i}{A_i \cdot E_i} n'_i + X \cdot \sum \frac{n_i^2 \cdot L_i}{A_i \cdot E_i} = 0$$

No caso de que exista cambio de temperatura ou error xeométrico

$$\sum \left(\frac{N_i \cdot L_i}{A_i \cdot E_i} + \alpha_i \cdot L_i \cdot \Delta t + e_i \right) n'_i + X \cdot \sum \frac{n_i^2 \cdot L_i}{A_i \cdot E_i} = 0$$

5º Cálculo dos axiais e reaccións da estrutura hiperestática.

$$N_i = N_i^0 + X \cdot n'_i$$

$$R_i = R_i^0 + X \cdot r'_i$$

Para información mais detallada sobre a teoría de estruturas de barras articuladas pódese consultar as referencias bibliográficas: Beer & Johnston (1987), Argüelles, R. (1986), Vázquez, M. (1991).

1.2 Problemas de estruturas articuladas

1.2.1 Exercício A-1. Celosía simple de cuberta

Na celosía de barras articuladas das figuras calcular:

- Grado de hiperestaticidade da celosía "a"
- Esforço en cada unha das barras para a carga P de 1kN e $L = 0.5\text{m}$ da celosía "a"
- Calcular a sección de redondo macizo de aceiro (S235) necesario para fabricar a celosía "a". Empregar un coeficiente de seguridade de 1.5. Optimizar ó máximo o gasto de aceiro, empregando como máximo dúas seccións diferentes.
- Calcular o desprazamento vertical do nodo C para a situación de carga e sección de barras anterior.
- Esforço en cada unha das barras para da celosía "b" onde as cargas están nas barras superiores e se eliminou a barra 3.




Figura A.1.1 Celosías simples de cuberta. a) Con barra vertical central e carga puntual. b) Sen barra central e con varias cargas nas barras superiores.



Figura A-1.2 Exemplo de celosía simple de cuberta.

Solución caso "a".

1º Calculamos o grado de hiperestaticidade


$$\begin{aligned} GHT &= (B+R) - 2N \\ GHE &= R - 3 \\ GHi &= GHT - GHE \end{aligned}$$

$$GHT = 5 + 3 - 2 \cdot 4 = 0$$

$$GHE = 3 - 3 = 0$$

$$GHi = 0 - 0 = 0$$

Esta celosía é isostática tanto internamente como externamente



2º Calculo das reacción nos apoios

$$\sum F_x = 0 \quad Bx = 0$$

$$\sum M_A = 0 \quad By \cdot 8L - P \cdot 4L = 0 \quad Cy = \frac{1}{2}P$$

$$\sum F_y = 0 \quad Ay + By - P = 0 \quad Ay = \frac{1}{2}P$$

3º Calculo dos esforzos en cada barra polo método dos nodos

Nodo A




$$\sum F_x = 0 \quad N2 \cos \alpha + N1 = 0; \quad N2 \frac{4}{5} + N1 = 0$$


$$\sum F_y = 0 \quad N2 \sin \alpha + Ay = 0; \quad N2 \frac{3}{5} + \frac{1}{2} = 0$$

$$N1 = \frac{2}{3}P \quad N2 = -\frac{5}{6}P$$

O seno e coseno quitámoslos por trigonometría



Nodo C



$$\sum F_x = 0 \quad N5 - N1 = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N3 - P = 0$$


$$N3 = +P \quad N5 = \frac{2}{3}P$$

Por simetría sabemos que:

$$N2 = N4 = -\frac{5}{6}P$$

Resumen valores das barras:

Barra	Li	Ni	Ni (N)	
1	4L	2/3 P	667	T
2	5L	-5/6 P	-834	C
3	3L	P	1000	T
4	5L	-5/6 P	-834	C
5	4L	2/3 P	667	T



20 4º Cálculo das seccións necesarias. Claramente hai dous tipos de barras, as que traballan a tracción e con un cable e suficiente, e as que traballan a compresión as cales deben ser calculadas a pandeo e a sección ten que ser suficiente para non pandear.

Cálculo barra a tracción, collemos a barra con máxima tracción:

$$\sigma = \frac{F \cdot C_s}{A} = \frac{1000N \cdot 1.5}{\pi \frac{D^2}{4}} = 235 \frac{N}{mm^2} \quad D = 2.85mm \approx 3mm$$

Para o cálculo da barra a compresión, colleremos a barra con máxima compresión e calculáremola empregando a ecuación de Euler

$$P_C \cdot C_s = \frac{\pi^2 \cdot E \cdot I_{min}}{L_p^2}$$
$$834 \cdot 1.5 = \frac{\pi^2 \cdot \frac{200000N}{mm^2} \cdot \frac{\pi D^4}{64}}{(2500mm)^2} \quad D = 16,9 \approx 20 mm$$





Figura A-1.3. Nesta figura podemos observar como na montaxe (a), que sería coas barras de tracción con cables e as de compresión con barras de madeira, ó aplicarlle a carga (figura b) a celosía traballa correctamente. Mentres que na montaxe (c), onde as barras a compresión teñen cables e as de tracción barras de madeira, cando se lle aplica carga, a celosía colapsa (figura d).

5º Cálculo do desprazamento vertical no nodo D, para elo seguiremos os seguintes pasos:

5.1 Cálculo dos axiais debidos a unha carga virtual no nodo onde se quere calcular o desprazamento

Debido á simetría da celosía e á simetría da carga os valores pódense quitar de forma directa



21

$$n_1' = \frac{2}{3}; \quad n_2' = -\frac{5}{6}; \quad n_3' = P; \quad n_4' = -\frac{5}{6}; \quad n_5' = \frac{2}{3}$$

5.2 Cálculo dos desprazamentos mediante a ecuación de traballos virtuais, segundo a carga de valor 1 colocada en dirección vertical no nodo D. Valores postos na táboa inferior.

$$\delta_{vD} = \sum \frac{N_i \cdot L_i}{A_i \cdot E_i} n_i'$$

Táboa A-1.1. Táboa co resumo de valores das barras e valor de deformación total:

Barra	Ni (N)	Li (mm)	ni	Ai (mm)	Ni Li ni / A E	ΔvD (mm)
1	2/3 P	4L	2/3	7,1	(16/9)PL/(Ai*E)	0,628
2	-5/6 P	5L	-5/6	314,2	(125/36)PL/(Ai*E)	0,028
3	P	3L	1	7,1	(3)PL/(Ai*E)	1,060
4	-5/6 P	5L	-5/6	314,2	(125/36)PL/(Ai*E)	0,028
5	2/3 P	4L	2/3	7,1	(16/9)PL/(Ai*E)	0,628
						2,372

$$\delta_{vC} = 2,37 \text{ mm}$$

Solución caso “b”

1º Pasamos as cargas ós nodos (nota: as cargas que van directamente ós apoios (A, B) xa non as consideramos no calculo por nodos). No nodo C súmanse os 2P/5 de cada barra mais a propia carga P/5 que xa esta directamente no nodo, dando un total no nodo C de valor P.





Figura A-1.3. Paso das cargas nas barras ós nodos.

E facemos o calculo das reaccións nos apoios. Neste caso por ser a celosía simétrica e a carga e apoios tamén, o valor das reaccións serán $P/2$.

2º Calculo dos esforzos en cada barra polo método dos nodos

Nodo D




$$\sum F_x = 0 \quad N2 \cos \alpha + N1 = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad \frac{P}{2} + N2 \sin \alpha = 0$$

$$N2 = -\frac{5}{6}P \quad N1 = +\frac{2}{3}P$$

Táboa A-1.2 Táboa cos axiais das barras e esquema de barras a tracción e compresión

Barra	Li	Ni	Ni (N)	
1	8L	2/3 P	667	T
2	5L	-5/6 P	-834	C
3	5L	-5/6 P	-834	C



Como podemos observar para a barra 1 por estar a tracción, con un cable é suficiente. Para a barra 2 e 3 por estar a compresión, hai que calculalas a pandeo.

Este tipo de celosía é moi utilizado en construcións rurais (ver figura A-1.4), onde as barras superiores dan pendente á cuberta, permitindo luces mais amplas que con unha viga simple. Por outro lado o tirante horizontal faise con unha viga de madeira, xa que o tirante de aceiro é un material máis complicado de obter no rural. O tirante é o que absorbe os esforzos horizontais e evita que estes esforzos os teñan que absorber as paredes ou piares de pedra, os cales non están preparados para estes esforzos.




Figura A-1.4. Clásicas celosías rurais onde, coma no exercicio anterior, se empregan tres barras, onde na figura (b) se esquematiza as que traballan a compresión (vermello) e a que traballa a tracción.




Figura A-1.5. Na parte superior da figura (a) móstrase o esquema do correcto funcionamento da celosía e paredes, cando temos o tirante horizontal. Pero cando non temos este tirante (figura (b)), entón as paredes estarían sometidas a esforzos laterais na súa parte superior e estas poderían colapsar. Nas figuras superiores podemos ver unhas montaxes con cable horizontal e sen él, e como se deforman os piares cando non hai cable horizontal.

Ademais debemos ter en conta que as barras inclinadas 2 e 3, ademais de calculalas a compresión, hai que calculalas a flexión coas 4 cargas puntuais que tiña cada unha delas




Figura A-1.5. Esquema das barras superiores con todas as cargas ás que están sometidas.

Figura A-2.2 Exemplo de celosía invertida.

a) Solución ó calculo dos esforzos en cada barra.

1º Pásase as cargas das barras ós nodos. E seguidamente faise o cálculo das reaccións que producen as cargas das barras en cada nodo, calculando por equilibrio estático (sumatorio de forzas verticais e de momentos respecto a un punto igual a cero). Neste caso obtemos que as reaccións que producen as tres cargas de cada barra nos seus respectivos extremos é de valor $P/2$.





Figura A-2.3 Esquema do paso das cargas das barras ós nodos e numeración das barras.

2º Calculo dos esforzos en cada barra polo método dos nodos

Nodo D



$$\sum F_x = 0 \quad N5 - N1 = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad -P - N3 = 0$$

$$N3 = -P \quad N5 = N1$$

Nodo E



$$\sum F_x = 0 \quad N4 \cos \alpha - N2 \cos \alpha = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N2 \sin \alpha + N4 \sin \alpha + N3 = 0$$

$$N2 = +\frac{5}{6}P \quad N4 = +\frac{5}{6}P$$

Nodo A




$$\sum F_x = 0 \quad N1 + N2 \cos \alpha = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad Ay - N2 \sin \alpha = 0$$

$$N1 = -\frac{2}{3}P \quad Ay = +\frac{1}{2}P$$

Táboa A-2.1 Táboa cos axiais das barras e esquema de barras a tracción e compresión

Barra	Li	Ni	Ni (N)	
1	4L	- 2/3 P	-667	C
2	5L	+5/6 P	834	T
3	3L	-P	-1000	C
4	5L	+5/6 P	834	T
5	4L	- 2/3 P	-667	C



Como podemos observar para as barras 2 e 4, por estar a tracción, con un cable e suficiente. Isto pódese apreciar na estrutura da figura A-2.5. As barras a compresión hai que calculalas a pandeo. Pero ademais debemos ter en conta que as barras 1 e 5 ademais de calculalas a compresión hai que calculalas a flexión cas 3 cargas puntuais que tiña cada unha delas




Figura A-2.4. Esquema das barras superiores con todas as cargas as que están sometida




Figura A-2.5. Exemplo de celosía real onde podemos observar como na montaxe as barras de tracción son cables e as de compresión son barras de madeira.

b) Comparación cos resultados obtidos do exercicio anterior que era invertida respecto a esta

Como se pode observar nos resultados as barras traballan xusto o revés do que pasaba no caso “a” do exercicio anterior.




Figura A-2.6. Nesta figura podemos observar como na montaxe (a) que sería coas barras de tracción con cables e as de compresión con barras de madeira, ó aplicarlle a carga, figura (b) a celosía traballa correctamente. Mentres que na montaxe (c) onde as barras a compresión teñen cables e as de tracción barras de madeira, cando se lle aplica carga, a celosía colapsa, figura (d).

1.2.3 Exercício A-3. Torre eléctrica. Cargas verticais

Na celosía de barras articuladas da figura, calcular:

- Esfuerzo en cada unha das barras para unha carga $P=10 \text{ kN}$
- Qué tipo de esforzo ten cada barra (tracción, compresión)? As que non traballan teñen algunha finalidade, ou poderían eliminarse da estrutura real?





Figura A-3.1 Celosía de torre eléctrica con tres cargas verticais. Foto de dunha torre eléctrica

a) Solución ó cálculo dos esforzos en cada barra.

1º Cálculo dos esforzos en cada barra polo método dos nodos. Neste caso non é necesario calcular as reaccións nos apoios, xa que os nodos A,B,E nos permiten comezar a resolver o exercicio sen coñecer as reaccións nos apoios.

Nodo A




$$\sum F_x = 0 \quad N14 \sin 45^\circ - N1 \sin 45^\circ = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N14 \cos 45^\circ + N1 \cos 45^\circ + P = 0$$

$$N1 = -\frac{P}{\sqrt{2}} \quad N14 = -\frac{P}{\sqrt{2}}$$

29

Nodo B




$$\sum F_x = 0 \quad N2 + N3 \cos 45^\circ = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad -P - N3 \sin 45^\circ = 0$$

$$N2 = P \quad N3 = -\frac{2P}{\sqrt{2}}$$

Nodo C



$$\sum F_x = 0 \quad N4 + N1 \cos 45^\circ - N2 = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N1 \sin 45^\circ - N5 = 0$$

$$N4 = +\frac{3}{2}P \quad N5 = -\frac{P}{2}$$

Nodo E



$$\sum F_x = 0 \quad -N15 - N16 \cos 45^\circ = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad -P - N16 \sin 45^\circ = 0$$

$$N15 = +P \quad N16 = -\frac{2}{\sqrt{2}}P$$

Nodo D



$$\sum F_x = 0 \quad N15 - N4 - N14 \cos 45^\circ - N6 \cos 45^\circ = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N14 \sin 45^\circ - N6 \sin 45^\circ - N17 = 0$$

$$N6 = 0 \quad N17 = -\frac{P}{2}$$

Nodo G




$$\sum F_x = 0 \quad N7 - N16 \sin 45^\circ = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N17 - N6 \cos 45^\circ - N18 = 0$$

$$N7 = -P \quad N18 = -\frac{3}{2}P$$

Nodo F



$$\sum F_x = 0 \quad N7 + N6 \cos 45^\circ + N8 \cos 45^\circ - N3 \cos 45^\circ = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N5 + N6 \sin 45^\circ + N3 \sin 45^\circ + N8 \sin 45^\circ - N9 = 0$$

$$N8 = 0 \quad N9 = -\frac{3}{2}P$$


A partir deste nó da se sabe que as diagonais non traballan polo que os valores do resto das barras son:

$$N12 = N9 ; N19 = N18 = N120$$

Táboa A-3.1 Táboa cos axiais das barras e esquema de barras a tracción e compresión

Barra	Ni	Ni (kN)	
1	$-P/\sqrt{2}$	-7,07	C
2	$+P$	10	T
3	$-2P/\sqrt{2}$	-14,14	C
4	$+3P/2$	15	T
5	$-P/2$	-5	C
6	0	0	
7	$-P$	-10	C
8	0	0	
9	$-3P/2$	-15	C
10	0	0	C

Barra	Ni	Ni (kN)	
11	0	0	
12	$-3P/2$	-15	C
13	0	0	
14	$-P/\sqrt{2}$	-7,07	C
15	$+P$	10	T
16	$-2P/\sqrt{2}$	-14,14	C
17	$-P/2$	-5	C
18	$-3P/2$	-15	C
19	$-3P/2$	-15	C
20	$-3P/2$	-15	C



b) Análisis dos esforzos en cada barra

Como podemos ver nos resultados acadados e no esquema superior, os cordóns verticais traballan a compresión e con valores iguais nas barras simétricas respecto o eixo vertical, xa que a estrutura é simétrica e con cargas simétricas. No caso das barras horizontais superiores (cor azul) traballan a tracción, como un cable que evita que os nós B e E se movan distanciándose un do outro polo efecto das cargas que soportan. Respecto ás diagonais neste caso non traballan, pero na realidade teñen como mínimo dúas función. A primeira acortar as lonxitudes de pandeo das barras verticais, por exemplo, se a barra vertical esquerda fose directamente do nó F ó K, por pandeo sería necesario unha barra con moito mais momento de inercia na sección. Segundo, é posible que as diagonais traballen e absorban esforzos cando hai cargas horizontais como pode ser o vento (ver o seguinte exercicio)

1.2.4 Exercício A-4. Torre eléctrica. Carga horizontal

Na celosía de barras articuladas da figura calcular:

- Esforzo en cada unha das barras para a unha carga $P=10$ kN.
- Que tipo de esforzo e funcionalidade ten cada barra (tracción, compresión).
- Cálculo do desprazamento do nodo B, sabendo que $L=1$ m, $A=5$ cm², $E=200$ MPa




Figura A-4.1 Celosía de torre eléctrica con unha carga horizontal. Foto dunha torre eléctrica

a) Solución ó calculo dos esforzos en cada barra.

1º Calculo dos esforzos en cada barra polo método dos nodos. Para elo veremos qué barras non traballan




Figura A-4.2 Celosía de torre eléctrica coas barras que non traballan eliminadas.

Neste caso non é necesario calcular as reaccións nos apoios, xa que o nodo D nos permiten comezar a resolver o exercicio sen coñecer as reaccións nos apoios.

Nodo D




$$\sum F_x = 0 \quad N4 - N6 \cos 45^\circ = 0; \quad N4 = N2 = P$$

$$\sum F_y = 0 \quad -N17 - N6 \sin 45^\circ = 0$$

$$N6 = \frac{2P}{\sqrt{2}} \quad N17 = -P = N18$$

Nodo F




$$\sum F_x = 0 \quad N6 \cos 45^\circ + N8 \cos 45^\circ = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N6 \sin 45^\circ + N8 \sin 45^\circ - N9 = 0$$

$$N8 = -\frac{2P}{\sqrt{2}} \quad N9 = +2P$$

Nodo H



$$\sum F_x = 0 \quad -N8 \sin 45^\circ - N10 \sin 45^\circ = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N18 + N8 \cos 45^\circ - N10 \cos 45^\circ - N19 = 0$$

$$N10 = \frac{2P}{\sqrt{2}} \quad N19 = -3P$$

Nodo I



$$\sum F_x = 0 \quad N10 \cos 45^\circ + N11 \cos 45^\circ = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N9 + N10 \sin 45^\circ - N11 \sin 45^\circ - N12 = 0$$

$$N11 = -\frac{2P}{\sqrt{2}} \quad N12 = +4P$$

Nodo J



$$\sum F_x = 0 \quad -N11 \cos 45^\circ - N13 \cos 45^\circ = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N19 + N11 \sin 45^\circ - N13 \sin 45^\circ - N20 = 0$$


$$N13 = +\frac{2P}{\sqrt{2}} \quad N20 = -5P$$

33

Táboa A-4.1 Táboa cos axiais das barras e esquema de barras a tracción e compresión

Barra	Ni	Ni (kN)	
1	0		
2	P	-10	C
3	0		
4	-P	-10	C
5	0		
6	$2P/\sqrt{2}$	14,14	T
7	0		
8	$-2P/\sqrt{2}$	-14,14	C
9	2P	20	C
10	$2P/\sqrt{2}$	14,14	T

Barra	Ni	Ni (kN)	
11	$-2P/\sqrt{2}$	-14,14	C
12	+4P	40	C
13	$2P/\sqrt{2}$	14,14	T
14	0		
15	0		
16	0		
17	-P	-10	C
18	-P	-10	C
19	-3P	-30	C
20	-5P	-50	c



b) Tipo de esforzo e funcionalidade que ten cada barra.

Neste caso podemos ver como o cordón vertical esquerdo traballa a tracción e o dereito a compresión para así compensar o momento que produce a carga vertical respecto ó chan. Por outro lado podemos tamén ver como as diagonais agora sí traballan para absorber os esforzos. Se a torre eléctrica fose unha viga única, os esforzos cortantes serían soportados polas diagonais, mentres que o momento flexor sería absorbido polos cordóns verticais (o cordón esquerdo os esforzos de tracción e o cordón dereito os de compresión)

c) Cálculo do desprazamento horizontal do nodo B.

Para o cálculo do desprazamento horizontal do nodo B, poremos unha carga virtual horizontal de valor 1 no nodo B




Figura A-4.3 Celosía de torre eléctrica coa carga unitaria horizontal no nodo B .

Neste caso o cálculo dos esforzos nas barras coa carga de valor 1, e moi sinxela xa que serán os mesmos valores que para o caso anterior con carga P de valor 1. Aplicamos despois a expresión:


$$\delta_{hB} = \sum \frac{N_i \cdot L_i}{A_i \cdot E_i} n_i$$

Táboa A-4.1 Táboa cos axiais das barras e calculo do desprazamento

Barra	Ni	ni	Li	Ni ni Li
1	0	0	L/√2	0
2	P	1	L	1
3	0	0	√2L	0
4	-P	-1	L	1
5	0	0	L	0
6	-2P/√2	-2/√2	√2L	4/√2
7	0	0	L	0
8	-2P/√2	-2/√2	√2L	1/√2
9	2P	2	2L	8
10	2P/√2	2/√2	√2L	4/√2
11	-2P/√2	-2/√2	√2L	4PL/√2
12	+4P	4	2L	32PL
13	2P/√2	2/√2	√2L	4PL/√2
14	0	0	L/√2	0
15	0	0	L	0
16	0	0	√2L	0
17	-P	-1	L	-PL
18	-P	-1	L	-PL
19	-3P	-3	2L	18PL
20	-5P	-5	L	25PL
				(-17/√2+87)PL

$$\delta_{hB} = \frac{\left(\frac{-17}{\sqrt{2}} + 87\right) \cdot P \cdot L}{A \cdot E} = 9,9 \text{ mm}$$

Para o cálculo do desprazamento do nodo B, poremos tamén unha carga virtual vertical de valor 1 no nodo B



35

Figura A-4.4 Celosía de torre eléctrica coa carga unitaria vertical no nodo B .

Nodo B




$$\sum F_x = 0 \quad n2 + n3 \cos 45^\circ = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad -1 - n3 \sin 45^\circ = 0$$

$$n2 = 1 \quad n3 = -\frac{2}{\sqrt{2}}$$

Nodo D




$$\sum F_x = 0 \quad n4 + n6 \cos 45^\circ = 0 ; n4 = n2$$

$$\sum F_y = 0 \quad -n17 - n6 \sin 45^\circ = 0$$

$$n6 = -\frac{2}{\sqrt{2}} \quad n17 = +1 = n18$$

Nodo F



$$\sum F_x = 0 \quad n6 \cos 45^\circ + n8 \cos 45^\circ - n3 \cos 45^\circ = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad -n9 + n3 \sin 45^\circ + n6 \sin 45^\circ = 0$$

$$n8 = 0 \quad n9 = -2$$

Aplicamos despois a expresión:

$$\delta_{vB} = \sum \frac{N_i \cdot L_i}{A_i \cdot E_i} n_i$$


Táboa A-4.2 Táboa cos axiais das barras e cálculo do desprazamento

Barra	Ni	ni	Li	Ni ni Li
1	0	0	L/√2	0
2	P	1	L	1PL
3	0	-2/√2	√2L	0
4	-P	1	L	-1PL
5	0	0	L	0
6	-2P/√2	-2/√2	√2L	2√2PL
7	0	0	L	0
8	-2P/√2	0	√2L	0
9	2P	-2	2L	-8PL
10	2P/√2	0	√2L	0

Barra	Ni	ni	Li	Ni ni Li
11	-2P/√2	0	√2L	0
12	+4P	-2	2L	-16PL
13	2P/√2	0	√2L	0
14	0	0	L/√2	0
15	0	0	L	0
16	0	0	√2L	0
17	-P	1	L	-PL
18	-P	1	L	-PL
19	-3P	1	2L	-6PL
20	-5P	1	L	-5PL
				(2√2-37)PL

$$\delta_{vB} = \frac{(2\sqrt{2} - 37) \cdot P \cdot L}{A \cdot E} = -4,5 \text{ mm}$$

O valor negativo significa que o desprazamento é contrario ó vector de valor 1 colocado, e dicir, o desprazamento é para arriba. Polo que o desprazamento do nodo D ten dúas compoñentes, unha horizontal e unha vertical, nos que os valores son os calculados e que nos levan a un desprazamento total de:



$$\delta_c = \sqrt{\delta_{hc}^2 + \delta_{vc}^2} = \sqrt{9,9^2 + (-4,5)^2} = 10,88 \text{ mm}$$

e o ángulo sería igual a 26 °




Figura A-4.4. Nesta figura podemos observar como na montaxe (a), que sería coas barras de tracción con cables e as de compresión con barras de madeira. O aplicarlle a carga horizontal, figura (b), a celosía traballa incorrectamente, pasando a traballar a compresión a barra 8 a cal pandea. Mentres que na montaxe (c), a barra 8 feita dunha barra ríxida traballa correctamente a compresión.

1.2.5 Exercício A-5. Torre eléctrica. Cargas parciais

Para a celosía de barras articuladas da figura (tanto para o caso “a” como o caso “b” da figura) calcular pelo método das secções o esforço em cada unha das barras inferiores para a unha carga $P=10\text{ kN}$.




Figura A-5.1 a) Celosía de torre eléctrica con dúas cargas verticais simétricas. b) Celosía de torre eléctrica con unha carga vertical nun extremo.

Solución:

Aplicamos o método das seccións e calculamos os axiais das barras 12, 13, 20




Figura A-5.2 Esquemas do calculo polo método das seccións da celosía de torre eléctrica .

Caso a.

$$\sum M_k = 0 \quad PL - N_{20} L - P2L = 0$$

$$\sum M_j = 0 \quad P2L + N_{12} L - PL = 0$$

$$N_{12} = -P \quad N_{20} = -P \quad N_{13} = 0$$


Caso b.

$$\sum M_k = 0 \quad PL - N_{20} L = 0$$

$$\sum M_j = 0 \quad P2L + N_{12} L = 0$$

$$N_{12} = -2P \quad N_{20} = +P \quad N_{13} = 0$$

Como podemos ver nos resultados no caso das dúas cargas, estas son simétricas e producen unha compresión en ambos cordóns verticais de valor P . Pero resulta que o caso de ter unha única carga P nun dos lados, produce un asimetría de cargas. Esta asimetría produce unha compresión no cordón esquerdo de valor $2P$ (o dobre do caso anterior), mentres que no caso do cordón dereito o esforzo é de tracción de valor P . Polo tanto, o segundo caso, aínda tendo a estrutura só unha carga de valor P , é o caso máis desfavorable dos dous estudados.



39

Figura A-5.3 Esquemas de barras a tracción e compresión da celosía da torre eléctrica tanto para as cargas verticais simétricas como por unha soa carga vertical nun extremo.




Figura A-5.4. Nesta figura (a) podemos observar a montaxe da torre eléctrica, na figura (b) cando pomos as cargas P nos extremos da torre as barras traballan correctamente, especialmente a barra (6) que traballa a tracción. Na figura (c) cando pomos só a carga P no lado esquerdo, a barra (6) pasa a traballar a compresión e a estrutura colapsa. Se cambiamos a posición da diagonal (6) para que traballe a tracción, xa a torre traballaría correctamente con unha soa carga P nun extremo.

1.2.6 Exercício A-6. Celosía triangular con ángulos de 60° e 30°

Na celosía de barras articuladas da figura calcular:

- Esforzo en cada unha das barras para a carga P de 20 kN
- Calcular o desprazamento vertical do nodo E para a situación de carga anterior (sabendo que todas as barras teñen o mesmo módulo de elasticidade E e tamén a mesma sección transversal A)

40




Figura A-6.1 Celosía triangular con ángulos de 60° e 30°

a) Solución ó cálculo dos esforzos en cada barra.

1º Calculamos o grado de hiperastiticidade

$$\begin{aligned} GHT &= (B+R)-2N \\ GHE &= R-3 \\ GHi &= GHT - GHE \end{aligned}$$

$$GHT = 7 + 3 - 2 \cdot 5 = 0$$

$$GHE = 3 - 3 = 0$$

$$GHi = 0 - 0 = 0$$

Esta celosía é isostática tanto internamente como externamente

2º Calculo das reacción nos apoios

41




Figura A-6.2 Celosía triangular con ángulos de 60° e 30°, cas barras que non traballan eliminadas e cas reaccións nos apoios.


$$\sum F_x = 0 \quad Ax = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad Ay + Cy - P = 0 \quad Ay = \frac{1}{2}P$$

$$\sum M_A = 0 \quad Cy \cdot 3L - P \cdot 1,5L = 0 \quad Cy = \frac{1}{2}P$$

3º Cálculo dos esforzos en cada barra polo método dos nodos. Temos xa en conta que as barras 3 e 5 non traballan.

Nodo B



$$\sum F_x = 0 \quad N1 \sen 60^\circ + N7 \sen 60^\circ = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad -P - N1 \cos 60^\circ - N7 \cos 60^\circ = 0$$

$$N1 = -P$$

$$N7 = -P$$

Nodo A



$$\sum F_x = 0 \quad N1 \sen 60^\circ + N2 = 0$$

$$N2 = +\frac{P}{2}$$

Tamén:

$$N2 = N4 = N6 = +\frac{P}{2}$$

Táboa A-6.1 Táboa cos axiais das barras

Barra	Li	Ni	Ni (kN)	
1	$\sqrt{3}L$	-P	-20	Compresión
2	L	+ P/2	10	Tracción
3	L	0	0	
4	L	+ P/2	10	Tracción
5	L	0	0	0
6	L	+ P/2	10	Tracción
7	$\sqrt{3}L$	-P	-20	Compresión

42

b) Calculo do desprazamento vertical no nodo E.

1º Calculo dos axiais debidos a cunha carga virtual no nodo onde se quere calcular o desprazamento





Figura A-6.3 Celosía triangular coa carga unitaria vertical no nodo E.

Nodo A



$$\sum F_x = 0 \quad n'2 + n'1 \cos 30^\circ = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad \frac{1}{3} + n'1 \sin 30^\circ = 0$$

$$n'1 = -\frac{2}{3} \quad n'2 = +\frac{\sqrt{3}}{3}$$

Nodo D




$$\sum F_x = 0 \quad n'4 + n'3 \cos 60^\circ - n'2 = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad n'3 \sin 60^\circ = 0$$

$$n'4 = +\frac{\sqrt{3}}{3} \quad n'3 = 0$$

Nodo E




$$\sum F_x = 0 \quad n'6 - n'5 \cos 60^\circ - n'4 = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad n'5 \sin 60^\circ - 1 = 0$$

$$n'5 = +\frac{2}{\sqrt{3}} \quad n'6 = +\frac{2}{\sqrt{3}}$$

Nodo C



$$\sum F_x = 0 \quad - n'6 - n'7 \cos 30^\circ = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad n'7 \sin 30^\circ + \frac{2}{3} = 0$$

$$n'7 = -\frac{4}{3}$$

b) Calculo dos desprazamento mediante a ecuación de traballos virtuais, segundo a carga de valor 1 colocado en dirección vertical no nodo D. Valores postos na táboa inferior.

43

$$\delta_{vD} = \sum \frac{N_i \cdot L_i}{A_i \cdot E_i} n_i$$

Táboa A-6.2 Táboa cos axiais das barras e calculo do desprazamento

Barra	Li	Ni	ni	Ni Li ni
1	$\sqrt{3}L$	-P	-2/3	$2\sqrt{3}PL/3$
2	L	+ P/2	$+\sqrt{3}/3$	$\sqrt{3}PL/6$
3	L	0	0	0
4	L	+ P/2	$+\sqrt{3}/3$	$\sqrt{3}PL/6$
5	L	0	$+2/\sqrt{3}$	0
6	L	+ P/2	$+2/\sqrt{3}$	$PL/\sqrt{3}$
7	$\sqrt{3}L$	-P	-4/3	$4\sqrt{3}PL/3$
				$8\sqrt{3}PL/3$

$$\delta_{vD} = \frac{8\sqrt{3} \cdot P \cdot L}{3 \cdot A \cdot E}$$

1.2.7 Exercício A-7. Estruturas articuladas. Grúa en ménsula

A grúa en ménsula da figura está formada por unha celosía de barras cos nodos articulados, e amarrada a un poste ríxido mediante dous apoios articulados. A celosía esta sometida a unha carga de 10 kN no nodo que se indica na figura. Todas as barras son de aceiro e teñen o mesmo módulo de elasticidade E , tamén todas as barras teñen a mesma sección A . Desprezando o peso propio das barras e a deformación do poste, xa que é ríxido, calcular o desprazamento do nodo C.






Figura A-7.1 Esquema da estrutura articulada da grúa en ménsula. Foto de grúa torre de construción feita en celosía. Grúa en ménsula de porto.

Solución:

1º Debido a que non necesitamos calcular as reaccións nos apoios para resolver o exercicio, comezaremos por calcular os esforzos nas barras debido ás cargas externas. Comezamos por eliminar as barras que debido a que non teñen cargas nos nodos e a súa disposición xeométrica, xa sabemos de antemán que non traballa. Neste caso non traballan as barras 7,10,6,2



45

Figura A-7.2 Estructura articulada da grúa en ménsula con carga vertical P , coas barras que non traballan eliminadas.

2º Cálculo dos esforzos en cada barra polo método dos nodos

Nodo F




$$\sum F_x = 0 \quad -N5 \cos 45^\circ - N9 = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N5 \sin 45^\circ - P = 0$$

$$N9 = -P \quad N5 = \frac{2}{\sqrt{2}}P$$

Nodo B




$$\sum F_x = 0 \quad N5 \sin 45^\circ - N1 = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad -N5 \cos 45^\circ - N4 = 0$$

$$N4 = -P \quad N1 = P$$

Nodo E



$$\sum F_x = 0 \quad N9 - N3 \cos 45^\circ - N8 = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N3 \sin 45^\circ + N4 = 0$$

$$N3 = \frac{2}{\sqrt{2}}P \quad N8 = -2P$$

3º Cálculo do desprazamento vertical no nodo C, para elo seguiremos os seguintes pasos:

3.1 Cálculo dos axiais debidos a unha carga virtual no nodo C onde se quere calcular o desprazamento. Comezamos por eliminar as barras que debido a que non teñen cargas nos nodos e a súa disposición xeométrica xa sabemos de antemán que non traballan. Neste caso non traballan as barras 7,10,2





Figura A-7.3 Estrutura articulada da grúa en ménsula con carga vertical unitaria no nodo C, coas barras que non traballan eliminadas.

Nodo F




$$\sum F_x = 0 \quad -n5 \cos 45^\circ - n9 = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad n5 \sin 45^\circ - 1 = 0$$

$$n9 = -1 \quad n5 = \frac{2}{\sqrt{2}}$$

Nodo B




$$\sum F_x = 0 \quad n5 \sin 45^\circ - n1 = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad -n5 \cos 45^\circ - n4 = 0$$

$$n4 = -1 \quad n1 = 1$$

Nodo E



$$\sum F_x = 0 \quad n9 - n3 \cos 45^\circ - n8 = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad n3 \sin 45^\circ + n4 = 0$$

$$n8 = -2 \quad n3 = \frac{2}{\sqrt{3}}$$

Inda que realmente poderíamos ter evitado facer os cálculos anteriores, se tiveramos en conta que a carga de 1 pasa o nodo F, e polo tanto o esforzo das barras son iguais que no primeiro cálculo, pero substituíndo P por o valor 1.

3.2 Cálculo dos desprazamento mediante a ecuación de traballos virtuais, segundo a carga de valor 1 colocada en dirección vertical no nodo D. Valores postos na táboa inferior.

$$\delta_{vC} = \sum \frac{N_i \cdot L_i}{A_i \cdot E_i} n_i$$

Táboa A-7.1 Táboa cos axiais das barras e calculo do desprazamento

Barra	Li	Ni	ni	Ni Li ni
1	L	P	1	P L
2	L	0	0	0
3	$\sqrt{2}L$	$+2/\sqrt{2}P$	$+2/\sqrt{2}$	$2\sqrt{2}PL$
4	L	-P	-1	PL
5	$\sqrt{2}L$	$+2/\sqrt{2}P$	$+2/\sqrt{2}$	$2\sqrt{2}PL$
6	L	0	-1	0
7	$\sqrt{2}L$	0	0	0
5	L	-2P	-2	4PL
6	L	-P	-1	PL
7	L	0	0	0
				$(4\sqrt{2}+7)PL$

47

$$\delta_{vC} = \frac{(4\sqrt{2}+7)PL}{A \cdot E} = 18,984 \text{ mm}$$

4º Calculo do desprazamento horizontal no nodo C:

4.1 Como se pide o desprazamento do nodo F, non só se ten que calcular o desprazamento vertical, senón tamén o desprazamento horizontal, para o cal se colocara unha carga virtual de valor 1 en dirección horizontal no nodo F. Despois se calcularan os esforzos en cada barra. Se comezará por eliminar as barras que debido a que non teñen cargas nos nodos e a súa disposición xeométrica xa se sabe de antemán que non traballa. Neste caso so traballan as barras 1 e 2. Segundo a distribución das barras da figura os valores dos axiais sería

$$n'_1 = 1; \quad n'_2 = 1;$$




Figura A-7.4 Estructura articulada da grúa en ménsula con carga horizontal unitaria no nodo C, coas barras que non traballan eliminadas

4.2 Cálculo dos desprazamento mediante a ecuación de traballos virtuais, segundo a carga de valor 1 colocada en dirección vertical no nodo D. Valores postos na táboa inferior.

$$\delta_{vD} = \sum \frac{Ni \cdot Li}{Ai \cdot Ei} n'_i$$


Táboa A-7.2 Táboa cos axiais das barras e calculo do desprazamento

Barra	Li	Ni	ni	Ni Li ni
1	L	P	1	P L
2	L	0	1	0
3	$\sqrt{2}L$	$+2/\sqrt{2}P$	0	0
4	L	-P	0	0
5	$\sqrt{2}L$	$+2/\sqrt{2}P$	0	0
6	L	0	0	0
7	$\sqrt{2}L$	0	0	0
5	L	-2P	0	0
6	L	-P	0	0
7	L	0	0	0
				PL

Como se pode observar na táboa anterior, só a barra 1 contribúe ó desprazamento do nodo C. Segundo a carga virtual horizontal en C, só contribuirían as barras 1 e 2, pero só a 1 ten na realidade axial, polo tanto so esta barra contribúe ó desprazamento horizontal.

$$\delta_{hc} = \frac{PL}{A \cdot E} = 1,5 \text{ mm}$$

Finalmente o desprazamento do nodo C ten dúas compoñentes, unha horizontal e unha vertical, nas que os valores son os calculados, e que nos levan a un desprazamento total de



$$\delta_c = \sqrt{\delta_{hc}^2 + \delta_{vc}^2} = \sqrt{18,984^2 + 1,5^2} = 19,00 \text{ mm}$$

e o ángulo sería igual a 0.08°





Figura A-7.5. Nesta figura se pode observar como na montaxe (a), que sería con carga na grúa, as barras a tracción están con cables, e as de compresión con barras de madeira. No caso de quitar a carga, figura (b), a celosía traballa incorrectamente onde hai barras que traballan a compresión sendo cables.

1.2.8 Exercício A-8. Celosía plana tipo Pratt.

Na celosía plana tipo Pratt de barras articuladas da figura calcular:

- Esforço em cada unha das barras para a carga $P=10\text{ kN}$ e $L=4\text{ m}$ para o caso "a".
- Esforço em cada unha das barras para a carga $P=10\text{ kN}$ e $H=L/2=2\text{ m}$ para o caso "b".
- Analisar o comportamento respecto ó diagrama de momentos e cortantes se fose unha viga maciza. Tamén analizar as diferencias entre o caso "a" e o caso "b"




Figura A-8.1 a) Esquema da celosía plana tipo Pratt de altura L . b) Esquema da celosía tipo Pratt de altura $L/2$. c) Foto de celosía Pratt de unha ponte férrea.

Solución caso "a"

1º Cálculo das reacción nos apoios




Figura A-8.2 Esquema da celosía tipo Pratt de altura L coas reaccións nos apoios.

$$\sum F_y = 0 \quad Ay + Gy - 5P = 0$$

$$\sum M_A = 0 \quad Gy \cdot 6L - P \cdot 5L - P \cdot 4L - P \cdot 3L - P \cdot 2L - P \cdot L = 0$$

$$Ay = \frac{5}{2}P \quad Gy = \frac{5}{2}P$$

2º Cálculo dos axiais polo método dos nodos

Nodo A



$$\sum F_x = 0 \quad N1 = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad Ay + N2 = 0$$

$$N2 = -\frac{5}{2}P \quad N1 = 0$$

Nodo H




$$\sum F_x = 0 \quad N4 + N3 \cos \alpha = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N3 + N2 \sin \alpha = 0$$

$$N3 = +\frac{5}{\sqrt{2}}P \quad N4 = -\frac{5}{2}P$$

Nodo B



$$\sum F_x = 0 \quad N5 - N3 \cos \alpha - N1 = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N6 + N3 \sin \alpha - P = 0$$

$$N5 = +\frac{5}{2}P \quad N6 = -\frac{3}{2}P$$


Nodo I



$$\sum F_x = 0 \quad N8 + N7 \cos \alpha - N4 = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad -N2 - N3 \sin \alpha = 0$$

$$N7 = +\frac{3}{\sqrt{2}}P \quad N8 = -4P$$




Nodo C

$$\sum F_x = 0 \quad N9 - N5 - N7 \cos\alpha = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N10 + N7 \sin\alpha - P = 0$$

$$N9 = +4P \quad N10 = -\frac{1}{2}P$$

51



Nodo J

$$\sum F_x = 0 \quad N12 + N11 \cos\alpha - N8 = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad -N10 - N11 \sin\alpha = 0$$

$$N11 = +\frac{1}{\sqrt{2}}P \quad N12 = -\frac{9}{2}P$$

O resto dos nodos xa se quitan por simetría

Táboa A-8.1 Táboa cos axiais das barras do caso "a"


Barra	Ni	Ni (kN)	
1	0	0	
2	-5P/2	-25	C
3	5P/√2	35,4	T
4	-5P/2	-25	C
5	5P/2	25	T
6	-3P/2	-15	C
7	3P/√2	21,2	T
8	-4P	-40	C
9	4P	40	T
10	-P/2	-5	C
11	P/√2	7,1	T
12	-9P/2	-45	C
13	4P	40	T

Barra	Ni	Ni (kN)	
14	P/√2	7,1	T
15	0	0	C
16	-9P/2	-45	C
17	5P/2	25	T
18	3P/√2	21,2	T
19	-P/2	-5	C
20	-4P	-40	C
21	0	0	
22	5P/√2	35,4	T
23	-3P/2	-15	C
24	-5P/2	-25	C
25	-5P/2	-25	C

Solución caso "b"

1º Cálculo das reaccions nos apoios

Figura A-8.3 Esquema da celosia tipo Pratt de altura $L/2$ coas reaccions nos



52

$$\sum F_y = 0 \quad A_y + G_y - 5P = 0$$

$$\sum M_A = 0 \quad G_y \cdot 6L - P \cdot 5L - P \cdot 4L - P \cdot 3L - P \cdot 2L - P \cdot L = 0$$

$$A_y = \frac{5}{2}P \quad G_y = \frac{5}{2}P$$

2º Cálculo dos axiais polo método dos nodos

Nodo A



$$\sum F_x = 0 \quad N1 = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad A_y + N2 = 0$$

$$N2 = -\frac{5}{2}P \quad N1 = 0$$

Nodo H




$$\sum F_x = 0 \quad N4 + N3 \cos \alpha = 0 \quad \cos \alpha = \frac{1}{\sqrt{5}}$$

$$\sum F_y = 0 \quad N3 + N2 \sin \alpha = 0 \quad \sin \alpha = \frac{1}{\sqrt{5}}$$

$$N3 = +\frac{5\sqrt{5}}{2}P \quad N4 = -5P$$

Nodo B




$$\sum F_x = 0 \quad N5 - N3 \cos \alpha - N1 = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N6 + N3 \sin \alpha - P = 0$$

$$N5 = +5P \quad N6 = -\frac{3}{2}P$$


Nodo I



$$\sum F_x = 0 \quad N8 + N7 \cos \alpha - N4 = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad -N6 - N7 \sin \alpha = 0$$

$$N7 = +\frac{3\sqrt{5}}{2}P \quad N8 = -8P$$




Nodo C

$$\sum F_x = 0 \quad N9 - N5 - N7 \cos \alpha = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N10 + N7 \sin \alpha - P = 0$$

$$N9 = +8P \quad N10 = -\frac{1}{2}P$$

Nodo J



Figura A-19.7. a) imaxe onde se pode ver que a forma da celosía se mantén, inda que non poñamos as montantes e diagonais, porque a forma que tiña e a que ten un catenaria con cargas iguais. b) Neste caso podemos observar como

cando as cargas non son iguais o cabo central xa non mantén a posición horizontal. O único xeito de manter esa posición é empregar montantes e diagonais.

103

Solución caso "b"

1º Definición da isostática fundamental da estrutura. Substituíndo a barra redundante por o valor do seu axial X .




Figura A-19.8 Esquema da isostática fundamental

2º Descomposición da isostática fundamental nas súas compoñentes




Figura A-19.8 Esquema da descomposición da isostática fundamental.




Figura A-19.9 Esquema da celosía isostática cas reaccións nos apoios.

3º Calculo do valor dos axiais da estrutura sen a barra que sobra e cas cargas externas

Calculo das reaccións nos apoios

$$\sum F_x = 0 \quad Bx = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad A_y^o + B_y^o - 2P - P = 0$$

$$\sum M_A = 0 \quad 2P \cdot L + P \cdot 2L - B_y^o \cdot 3L = 0$$

$$A_y^o = \frac{5}{3}P \quad B_y^o = \frac{4}{3}P$$

Cálculo mediante o método dos nodos de cada un dos axiais

Nodo A

104



$$\sum F_x = 0 \quad N_1^o + N_2^o \cos \theta = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad -N_2^o \sin \theta + A_y = 0$$

$$N_2^o = \frac{10}{3}P \quad N_1^o = -\frac{5\sqrt{3}}{3}P$$

Nodo E



$$\sum F_x = 0 \quad N_6^o - N_2^o \cos \theta = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N_3^o + N_2^o \sin \theta - 2P = 0$$

$$N_3^o = \frac{1}{3}P \quad N_6^o = +\frac{5\sqrt{3}}{3}P$$

Nodo C



$$\sum F_x = 0 \quad N_4^o + N_5^o \cos \theta - N_1^o = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad -N_3^o - N_5^o \sin \theta = 0$$

$$N_5^o = -\frac{2}{3}P \quad N_4^o = -\frac{4\sqrt{3}}{3}P$$

Nodo D



$$\sum F_x = 0 \quad N_9^o - N_4^o = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N_7^o = 0$$

$$N_7^o = 0 \quad N_9^o = -\frac{4\sqrt{3}}{3}P$$


Nodo B



$$\sum F_x = 0 \quad -N_9^o - N_8^o \cos \theta = 0$$

$$N_8^o = +\frac{8}{3}P$$

4º Cálculo do valor dos axiais da estrutura sen cargas externas pero co axial X da barra que eliminamos no paso anterior. Pero para simplificar os cálculos vamos substituír o axial X, por unha carga de valor 1, e os resultados obtidos serán multiplicados por a constante de valor X. O cálculo de estes valores serán iguais a do exercicio anterior.



Como podemos ver neste caso as diagonais e montantes si que xa traballan, inda que o seu esforzo non é moi elevado, manténdose así a horizontalidade do cordón horizontal inferior da celosía. Na figura inferior (A-19.10) podemos ver o montaxe dunha maqueta seguindo os resultados de barras a tracción e compresión, e se ve como o cable inferior se mantén horizontal inda que as cargas non son iguais.

106





Figura A-19.10 Exemplo de maqueta de celosía isostática invertida de barras, coas barras a compresión feitas en madeira e as de tracción con cables.

1.2.20 Exercício A-20. Celosía invertida con cargas superiores

Na celosía de barras articuladas da figura calcular:

Esforço en cada unha das barras para as cargas da figura, sendo todas as barras do mesmo material, co mesmo modulo elástico $E=200\text{MPa}$. $A=50\text{cm}^2$. $L=3000\text{ mm}$. $P=10\text{kN}$. $\theta=30^\circ$




107

Figura A-20.1 Esquema da celosía invertida con cargas nos nodos superiores

Solución:

1º Cálculo das reaccións nos apoios



$$\sum F_x = 0 \quad B_x = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad A_y + B_y - P - P = 0$$

$$\sum M_A = 0 \quad P \cdot L + P \cdot 2L - B_y \cdot 3L = 0$$

$$A_y = P \quad B_y = P$$

Figura A-20.2 Esquema da celosía cas reaccións nos apoios

2º Cálculo mediante o método dos nodos de cada un dos axiais

Nodo B



$$\sum F_x = 0 \quad -N_9 - N_8 \cos \theta = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N_8 \sin \theta - B_y = 0$$

$$N_8 = +2P \quad N_9 = -\sqrt{3}P$$

Nodo D




$$\sum F_x = 0 \quad N_9 - N_4 = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N_7 - P = 0$$

$$N_4 = -\sqrt{3}P \quad N_7 = -P$$

Nodo F



$$\sum F_x = 0 \quad N_8 \cos \theta - N_6 - N_5 \cos \theta = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N_7 + N_8 \sin \theta + N_5 \sin \theta = 0$$

$$N_6 = +\sqrt{3}P \quad N_5 = 0$$

Nodo E




$$\sum F_x = 0 \quad N_6 - N_2 \cos \theta = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N_3 + N_2 \sin \theta - P = 0$$

$$N_2 = +2P \quad N_3 = -P$$

Nodo A




$$\sum F_x = 0 \quad N_1 + N_2 \cos \theta = 0$$

$$\sum F_y = 0 \quad N_2 \sin \theta - A_y = 0$$

$$N_1 = -\sqrt{3}P \quad N_2 = +2P$$

Táboa A-20.1 Táboa cos axiais das barras e esquema de barras a tracción e compresión

Barra	Li (mm)	Ni (kN)	Ni (kN)	
1	L	$-\sqrt{3}P$	-17	C
2	$2L/\sqrt{3}$	$2P$	20	T
3	$L/\sqrt{3}$	$-P$	-10	C
4	L	$-\sqrt{3}P$	-17	C
5	$2L/\sqrt{3}$	0	0	
6	L	$\sqrt{3}P$	17	T
7	$L/\sqrt{3}$	$-P$	-10	C
8	$2L/\sqrt{3}$	$2P$	20	T
9	L	$-\sqrt{3}P$	-17	C



En este caso, como tamén se pode ver na figura inferior (A-20.3), os cordóns superiores traballan a compresión, mentres que los inferiores traballan a tracción. As montantes traballan a compresión e a diagonal non traballa.




Figura A-20.3 Exemplo de maqueta de celosía isostática invertida de barras con cargas nos nodos superiores, coas barras a compresión feitas en madeira e as de tracción con cables.

Esta disposición de montaxe e una forma de reforzar e aumentar a resistencia duna viga xa existente, mediante a incorporación duns montantes e un tirante inferior, transformándoa deste xeito nunha celosía como a de este exercicio.




Figura A-20.4 Exemplo de viga reforzada.

1.3 Bibliografía capítulo 1. Estructuras de barras articuladas

Beer, F. P., Johnston, E. R. (1987). Mecánica vectorial para ingenieros, Estatica. McGraw-Hill

Argüelles Álvarez, R. (1986). Cálculo de estructuras. Madrid: Univ. Politécnica de Madrid. ETS Ingenieros de Montes. Sección de publicaciones.

Vázquez, M. (1991). Resistencia de materiales. Madrid: Noela

2. Estruturas de nodos ríxidos. Método de Cross

2.1 Conceptos teóricos

Chamaremos estruturas reticulares continuas ás formadas por:

- Elementos tipo barra
- Barras conectadas entre si mediante unións capaces de transmitir momentos flexores, amais de cortantes e axiais.
- Tamén poden existir puntualmente nodos articulados.
- Nos nodos con capacidade de transmitir momentos, as barras que concorren xiran todas o mesmo ángulo. Nese caso o nodo considérase ríxido. A Figura 2-1 representa unha estrutura reticular continua plana, na que, por exemplo, os nodos A e B son ríxidos. Tamén son ríxidos os C, E e F. O nodo D é articulado.

111




Figura 2-1. Exemplo de pórtico con nodos ríxidos (A, B,...) no que todas as barras xiran o mesmo ángulo. O nodo D é articulado neste exemplo

Para o cálculo das estruturas reticulares continuas suporemos rixidez lonxitudinal infinita das barras, é dicir, desbotamos as deformacións por **N** (ΔL) fronte ás debidas a **M** (**f**). É dicir, consideraremos que $f \gg \Delta L \cong 0$.




Figura 2-2. Hipótese de rixidez infinita das barras fronte a Axial ($\Delta L \cong 0$) no método de Cross (figura da dereita)

Traballaremos así mesmo con estruturas planas, nas que exista un plano de simetría que contén os eixos de tódalas barras e as resultantes de tódalas cargas aplicadas. Nas estruturas planas, a súa deformada está contida neste mesmo plano de simetría. Neste tipo de estruturas, non se producen torsións nas barras.

Unha estrutura tridimensional pode estar formada por varias estruturas planas deste tipo, que chamaremos **pórticos**, e que se entrecruzan en distintas direccións, habitualmente ortogonais entre si.

112



Figura 2-3. Exemplo de estrutura de nodos ríxidos, formada por dous pórticos principais, con forxado entrambos

2.1.1 Determinación de Momentos Flexores (M) e cortantes (V) en barras de pórticos




Figura 2-4. Illar barras despois do cálculo de esforzos nos nodos (exemplo BC na figura)

aplicando o principio de superposición:

Para poder determinar os diagramas de momentos flexores e esforzos cortantes nas barras dun pórtico sometido a unhas cargas dadas, é suficiente illar as barras e coñecer os momentos flexores nas súas seccións extremas.

Os esforzos axiais obterémolos formulando o equilibrio dos nodos.

Por exemplo, illando a barra BC do pórtico da Figura 2-4, podemos coñecer os diagramas de M e V facendo a seguinte descomposición, e




Figura 2-5. Aplicación do principio de superposición: barra cargada suposta biapoiada (esquerda) + efecto dos momentos adicionais nos extremos da barra (dereita)

2.1.2 Criterio de signos de M

Sobre **NODOS**: sentido horario +

Sobre **BARRAS**: sentido antihorario +




Figura 2-6. O criterio de signos no método de Cross indica sentido de xiro (horario ou antihorario). Mantense o signo entre acción e reacción (ambas +, ou ambas -), na sección de encontro entre a barra e o nodo

Nótese que o criterio de signos definido para Cross, denota o sentido de xiro (horario ou anti-horario), polo que difire do criterio de signos empregado en Resistencia de materiais, que denota a localización das traccións e compresións nas fibras.

2.1.3 Coeficiente de transmisión t_{AB}

Definimos o coeficiente de transmisión t_{AB} dunha barra AB, que unicamente ten permitido o xiro na sección inicial A, e restrinxidos os desprazamentos tanto en A coma en B, así coma o xiro en B, como:




Figura 2-7. Definición de t_{AB} : 'coeficiente de transmisión' de A a B

Viga isostática fundamental. Por equilibrio:




Figura 2-8. Isostática fundamental asociada, coa ecuación de compatibilidade $\delta_{vA}=0$, para o cálculo da barra hiperestática

Aplicando superposición:




Figura 2-9. Descomposición de accións na isostática fundamental e aplicación de superposición

Calculamos $\delta_{vA,i}$ utilizando o 2º teorema de Mohr (supoñemos $E \cdot I = \text{cte}$).

Caso i):

$$\delta_{vA,i} = \delta_{A,tgB} = \int_{x_A=0}^{x_B=L} \frac{-M_{AB}x}{EI} dx = \frac{-1}{EI} \left[\frac{M_{AB}x^2}{2} \right]_0^L = -\frac{M_{AB}L^2}{2EI}$$

Caso ii):

$$\delta_{vA,ii} = \delta_{A,tgB} = \int_{x_A=0}^{x_B=L} \frac{V_{AB} x \cdot x}{EI} dx = \frac{V_{AB}}{EI} \left[\frac{x^3}{3} \right]_0^L = \frac{V_{AB} L^3}{3EI}$$

Por tanto:

$$\delta_{vA} = -\frac{M_{AB} L^2}{2EI} + \frac{V_{AB} L^3}{3EI} = 0 \Rightarrow \frac{V_{AB} L}{3} = \frac{M_{AB}}{2} \Rightarrow V_{AB} = \frac{3 M_{AB}}{2 L}$$

Igualando coa expresión [1]:

$$R_{AB} = V_{AB} = \frac{3 M_{AB}}{2 L} = \frac{M_{AB} + M_{BA}}{L} \Rightarrow M_{AB} + M_{BA} = \frac{3 M_{AB}}{2}$$

$$\left(\frac{3}{2} - \frac{2}{2} \right) M_{AB} = M_{BA} \Rightarrow M_{BA} = \frac{1}{2} M_{AB} \Rightarrow \frac{M_{BA}}{M_{AB}} = \frac{1}{2}$$

Á relación M_{BA} / M_{AB} denomínaselle ‘coeficiente de transmisión de A a B’, e por tanto, para seccións de E·I constante, o seu valor é:

$$t_{AB} = \frac{M_{BA}}{M_{AB}} = \frac{1}{2}$$

2.1.4 Rixidez ó xiro (K_{AB}): caso de extremo B perfectamente encastado

Definimos rixidez ó xiro (K_{AB}) da barra AB da Figura 2-10, como:




Figura 2-10. Definición de rixidez ó xiro dunha barra que só pode xirar no extremo A (resto de deformacións de A e de B restrinxido)

En barras de E · I constante:

$$K_{AB} = \frac{4EI}{L}$$

Demostación. Utilizando o 1º teorema de Mohr:




Figura 2-11. Descomposición do cálculo do xiro en A aplicando superposición

$$\theta_{A,i} = \frac{M_{AB}L}{EI}; \quad \theta_{A,ii} = \frac{-V_{AB} \cdot L \cdot L}{2EI}$$

Por tanto:

$$\theta_A = \frac{M_{AB}L}{EI} - \frac{V_{AB}L^2}{2EI} = \frac{L}{EI} \left(M_{AB} - \frac{L}{2} \left(\frac{M_{AB} + M_{BA}}{L} \right) \right)$$

$$\text{Como: } M_{BA} = t_{AB} \cdot M_{AB} = \frac{M_{AB}}{2}$$

$$\theta_A = \frac{L}{EI} \left(M_{AB} - \left(\frac{\frac{2M_{AB}}{2} + \frac{M_{AB}}{2}}{2} \right) \right) = \frac{L}{EI} \left(M_{AB} - \frac{3M_{AB}}{4} \right)$$

$$\theta_A = \frac{L}{EI} \frac{M_{AB}}{4}$$


Substituíndo na definición de K_{AB} :

$$K_{AB} = \frac{M_{AB}}{\theta_A} = \frac{M_{AB}}{\frac{L}{EI} \frac{M_{AB}}{4}} = \frac{4EI}{L}; \text{ de onde, para } E \cdot I = \text{cte:}$$

$$K_{AB} = \frac{4EI}{L}$$

2.1.5 Rixidez ó xiro (K'_{AB}): caso de extremo B articulado

A rixidez ó xiro (K'_{AB}) do extremo A dunha barra AB, articulada en B, defínese como:

$$K'_{AB} = \frac{M'_{AB}}{\theta_A}$$


(0)

Figura 2-12. Definición de rixidez ó xiro en A (K'_{AB}), cando B pode xirar

117

Onde M'_{AB} é o momento que hai que aplicar na sección A para que xire un ángulo θ_A mentres B xira libremente.

$\theta_A = \theta_{AB}$ é o ángulo [radiáns] que xira o extremo A da barra AB baixo a acción de M'_{AB} ($\theta_B \neq 0$).

Vexamos que relación hai entre K_{AB} y K'_{AB} :

$$K'_{AB} = K_{AB} \cdot (1 - t_{AB} \cdot t_{BA})$$

Demostración:

Para que a viga (0) da Figura 2-12, sexa igual á suma das vigas (1) e (2) da Figura 2-13, aplicando superposición:



Figura 2-13. Descomposición en (1) e (2) de (0) en aplicación do principio de superposición

$$[1] \quad M'_{AB} = M_{AB1} + M_{AB2}$$

$$[2] \quad M_{BA} = 0 \rightarrow M_{BA1} + M_{BA2} = 0 \rightarrow M_{BA2} = -M_{BA1}$$

Polo tanto, de [1]:

$$M'_{AB} = M_{AB1} - t_{BA} \cdot t_{AB} \cdot M_{BA1}$$

Dividindo todo por θ_A :

$$\frac{M'_{AB}}{\theta_A} = \frac{M_{AB1}}{\theta_A} - t_{AB} \cdot t_{BA} \frac{M_{AB1}}{\theta_A}$$

Por tanto:

$$K'_{AB} = K_{AB} \cdot (1 - t_{AB} \cdot t_{BA})$$

Si se tratara dunha barra de $E \cdot I$ constante, verifícase que:

$$1. \quad t_{AB} = t_{BA} = \frac{1}{2}$$

118

$$2. \quad K_{AB} = \frac{4EI}{L}$$

Polo tanto, neste caso: $K'_{AB} = \frac{4EI}{L} \cdot \left(1 - \frac{1}{2} \cdot \frac{1}{2}\right)$

É dicir, si $E \cdot I$ é constante:

$$K'_{AB} = \frac{3 \cdot E \cdot I}{L}$$

2.1.6 Rixidez ó xiro (K''_{AB}): caso de barra en ménsula

Neste caso, o extremo B está libre, mentres se aplica en A o flexor M_{AB} que fai que esta sección xire. A rixidez ó xiro do extremo A defínese da mesma forma que nos casos anteriores:

$$K''_{AB} = \frac{M_{AB}}{\theta_{AB}}$$




Figura 2-14. Definición de rixidez ó xiro na sección de arranque A dunha ménsula

Como se trata dunha ménsula, o extremo B, ó estar libre, non opón resistencia ó xiro, e a barra permanecería xirando recta, sen estar equilibrada, un ángulo θ_{AB} que tendería a infinito. Polo tanto, neste caso:

$$K''_{AB} = \frac{M_{AB}}{\infty} = 0$$

2.1.7 Equilibrio e xiro nun nodo ríxido, sen translación

Un pórtico plano atópase en '**Estado Fundamental**' cando os seus nodos non sofren desprazamentos lineais, senón unicamente xiros. Dise neste caso que a estrutura é **Intranslacional**. As estruturas coas que traballaremos nos exemplos que se desenvolverán máis adiante, en principio serán deste tipo.

Neste sentido é preciso lembrar que partimos da hipótese de que as barras non varían de lonxitude ($\Delta L = 0$) polo esforzo axial. É dicir, consideraremos solo a deformación transversal da barra por flexión, e non a do seu axial.

Consideremos a estrutura da Figura 2-15, formada en xeral por N barras, todas concorrentes no nodo ríxido A, que está sometido a un momento externo M_A . 119

Desbotando as deformacións lonxitudinais das barras debidas ós axiais, fronte ás de flexión, pódese admitir que o nodo A non experimenta translación, senón só xiro, baixo a acción de M_A .




Figura 2-15. Nodo ríxido A sometido a un flexor externo M_A

Tras actuar M_A , as barras defórmanse ata acadar de novo o equilibrio. Illamos o nodo A (Figura 2-15) e establecemos o seu equilibrio de momentos.

Tomando equilibrio de momentos dende o nodo A, tendo en conta que os axiais N_{Ai} son concorrentes en A, e que a distancia entre os cortantes V_{Ai} e o nodo A son infinitesimais, resulta que os momentos de ambas solicitacións son nulos ou depreciábeis, e polo tanto no equilibrio só interveñen os momentos:

$$M_A = M_{AB} + M_{AC} + \dots + M_{AN}$$


$$M_A = \sum_{i=B} M_{Ai}$$

O valor dos momentos de extremo das barras no nodo A, M_{Ai} , calculase resolvendo o seguinte sistema de ecuacións:

- Por ser A un nodo ríxido: $\theta_{AB} = \theta_{AC} = \dots = \theta_{AN}$
- Por equilibrio do nodo A:

$$M_A = \sum_{i=B} M_{Ai}$$

120



$$\theta_{Ai} = \frac{M_{AB}}{K_{AB}} = \frac{M_{AC}}{K_{AC}} = \dots = \frac{M_{AN}}{K_{AN}}$$

Por tanto:

$$\theta_{Ai} = \frac{M_{AB} + M_{AC} + \dots + M_{AN}}{K_{AB} + K_{AC} + \dots + K_{AN}}$$

$$\theta_{Ai} = \frac{M_A}{\sum_{i=B}^N K_{Ai}}$$

$$M_{Ai} = \frac{K_{Ai}}{\sum_{i=B}^N K_{Ai}} \cdot M_A$$

Chamando: $r_{Ai} = \frac{K_{Ai}}{\sum_{i=B}^N K_{Ai}}$

Temos que: $M_{Ai} = r_{Ai} \cdot M_A$

Figura 2-16. Illamos do nodo A as barras concorrentes neste nodo

Onde a r_{Ai} denominaselle 'coeficiente de reparto' da barra Ai no nodo A.

Notación:

M_{Ai} : momentos repartidos

r_{Ai} representa a proporción do momento M_A aplicado ó nodo que se distribúe entre as seccións extremas de cada barra, a carón do nodo.

Así mesmo:

$$\left. \begin{aligned} M_{BA} &= M_{AB} \cdot t_{AB} = r_{AB} \cdot M_A \cdot t_{AB} \\ M_{CA} &= M_{AC} \cdot t_{AC} = r_{AC} \cdot M_A \cdot t_{AC} \\ \dots M_{NA} &= r_{AZ} \cdot M_A \cdot t_{AN} \end{aligned} \right\} M_{iA} : \text{momentos transmitidos}$$

2.1.8 Estruturas translacionais. Estados paramétricos. Orde de Translacionalidade (OT)

Como se indicou anteriormente, nos exemplos que se desenvolven nos seguintes apartados deste capítulo, dedicado ó método de Cross, traballaremos en xeral con estruturas intranslacionais. Lémbrese que este tipo de estruturas caracterízanse porque os seus nodos só poden xirar, pero non desprazarse linealmente (translación). O método de resolución de este tipo de estruturas intranslacionais é o que corresponde ó denominado estado fundamental, no que interveñen os xiros dos nodos.

Para considerar os efectos das translacións, sería preciso considerar os denominados estados paramétricos (a diferenza do estado fundamental, pode haber varios estados paramétricos). O número de estados paramétricos ven dado pola Orde de Translacionalidade (OT) do pórtico. O estado real será a suma (superposición) do estado fundamental máis todos os estados paramétricos.

Para o cálculo da orde de translacionalidade podemos empregar a seguinte ecuación:

$$OT = 3b - v - \sum N(n-1) - \sum \text{Coaccións externas}$$

b = nº total de barras de la estrutura

v = nº de ménsulas da estrutura

N : nº de nodos en los que concorren "n" barras

n : nº de barras que concorren no nodo

Coaccións externas (á translación, sen contar xiros):

Para que unha estrutura sexa intranslacional unha condición necesaria é que a súa orde de translacionalidade, calculada pola fórmula anterior, sexa cero. Non obstante esta condición pode non ser suficiente en moitos casos. Para que sexa intranslacional debemos asegurarnos de que todos os desprazamentos lineais (translacións) dos seus nodos están impedidos, si desbotamos as variacións de lonxitude das barras.

2.2 Problemas de estruturas de nodos ríxidos

2.2.1 Exercício R-1. Pórtico de 3 alturas. Cálculo orde de translacionalidade

No pórtico de nodos ríxidos da Figura 2-17, calcular o orde de translacionalidade e engadir os apoios necesarios para que deixe de ser translacional.

122





Figura 2-17. Pórtico de 3 alturas: modelo (esquerda) e maqueta (direita)

Solución:

Para o cálculo da orde de translacionalidade empregamos a ecuación explicada na introdución:

$$OT = 3 \cdot b - v - \sum N \cdot (n - 1) \cdot 2 - \sum \text{Coaccións externas}$$

$$OT = 3 \cdot 0 - 0 - \sum 4 \cdot (3 - 1) \cdot 2 - \sum 2 \cdot (2 - 1) \cdot 2 - \sum 4 = 3$$



123

Figura 2-18. Identificación do nº de barras concorrentes en cada nodo

Imos analizar e bloquear cada unha das posibles translacións do pórtico

1) Segundo podemos ver na Figura 2-19 (a), a primeira translación prodúcese no primeiro nivel do pórtico. Para bloqueala poremos un apoio articulado, desprazable no sentido vertical, como se ve na Figura 2-19 (b). No caso da maqueta poremos un arriostramento con cables para impedir o desprazamento horizontal do primeiro nivel do pórtico.




Figura 2-19. Estrutura translacional de orde 3: 1ª translación (a) permitida, (b) impedida

2) Segundo podemos ver na Figura 2-20 (a), o segunda translación prodúcese no segundo nivel do pórtico. Para evitala poremos, como se ve na Figura 2-20 (b), un apoio articulado fixo só no sentido horizontal nese nivel. No caso da maqueta engadiremos un arriostramento con cables para impedir o desprazamento horizontal do segundo nivel do pórtico.




Figura 2-20. Estrutura translacional de orde 3: (a) 2ª translación permitida, (b) 1ª e 2ª translacións impedidas

3) Segundo podemos ver na Figura 2-21 inferior (a), a terceira translacionalidade prodúcese no terceiro nivel do pórtico. Para impedila poremos, como se ve na Figura 2-21 (b), un apoio articulado fixo no sentido horizontal nese nivel. No caso da maqueta poremos un arriostramento con cables para impedir o desprazamento horizontal da terceiro nivel do pórtico.

124




Figura 2-21. Estrutura translacional de orde 3: (a) 3ª translación permitida, (b) 1ª, 2ª e 3ª translacións impedidas

2.2.2 Exercício R-2. Pórtico de 2 alturas, duas plantas. Cálculo orde de translacionalidade

No pórtico de nodos ríxidos da Figura 2-22, calcular a orde de translacionalidade e engadir os apoios necesarios para que deixe de ser translacional.





Figura 2-22. Pórtico de 2 alturas e dúas plantas: maqueta (superior) e modelo (inferior)

Solución:

Para o calculo da orde de translacionalidade empregamos a ecuación explicada na introdución:

$$OT = 3 \cdot b - v - \sum N \cdot (n - 1) \cdot 2 - \sum \text{Coacción externas}$$

$$OT = 3 \cdot 0 - 0 - \sum 3 \cdot (3 - 1) \cdot 2 - \sum 1 \cdot (2 - 1) \cdot 2 - \sum 1 \cdot (4 - 1) \cdot 2 - \sum 5 = 3$$




Figura 2-23. Identificación do nº de barras concorrentes en cada nodo

Imos analizar e bloquear cada un dos posibles desprazamentos lineais dos nodos do pórtico

1) Segundo podemos ver na Figura 2-24 (a), o primeira posibilidade de desprazamento lineal dos nodos, prodúcese no primeiro nivel do pórtico. Para bloquealo poremos, como se ve na Figura 2-24 (b), un apoio articulado desprazable no sentido vertical. No caso da maqueta poremos un arriostramento con cables para impedir o desprazamento horizontal da primeiro nivel do pórtico.






Figura 2-24. Estrutura translacional de orde 3: 1ª translación (a) permitida, (b) impedida

2) Segundo podemos ver na Figura 2-25 (a), a segunda translacionalidade prodúcese no segundo nivel do pórtico. Para evitalo poremos un apoio articulado desprazable no sentido vertical nese nivel, como se ve na Figura 2-25

(b). No caso da maqueta poremos un arriostramento con cables para impedir o desprazamento horizontal do segundo nivel do pórtico.



127




Figura 2-25. Estructura translacional de orde 3: (a) 2ª translación permitida, (b) 1ª e 2ª translacións impedidas

3) Na Figura 2-26 (a), podemos ver a terceira posible translación dos nodos do pórtico, que se produce nos nodos do nivel superior. Para evitar este desprazamento poremos un apoio articulado desprazable no sentido vertical nese apoio, como se ve na Figura 2-26 (b). No caso da maqueta poremos un apoio fixo articulado para impedir o desprazamento horizontal dos nodos superiores.




Figura 2-26. Estructura translacional de orde 3: (a) 3ª translación permitida, (b) 1ª, 2ª e 3ª translacións impedidas

2.2.3 Exercício R-3. Pórtico de 2 vanos, diferentes alturas. Cálculo orde de translacionalidade

No pórtico da Figura 2-27, calcular a orde de translacionalidade e engadir os apoios necesarios para que deixe de ser translacional.





Figura 2-27. Pórtico de 2 vanos e diferentes alturas: maquete (superior) e modelo (inferior)

Solución:

Para o calculo da orde de translacionalidade, empregamos a ecuación explicada na introdución:




Figura 2-28. Identificación do nº de barras concorrentes en cada nodo

$$OT = 3 \cdot b - v - \sum N \cdot (n - 1) \cdot 2 - \sum \text{Coacción externas}$$

$$OT = 3 \cdot 6 - 0 - \sum 1 \cdot (3 - 1) \cdot 2 - \sum 3 \cdot (2 - 1) \cdot 2 - \sum 6 = 2$$

Imos analizar e impedir cada unha das posibles translacións dos nodos do pórtico

1) Segundo podemos ver na Figura 2-29 (a), o primeira posible translación prodúcese no primeiro nivel do pórtico. Para impedi-lo poremos un apoio articulado desprazable no sentido vertical, como se ve na Figura 2-29 (b, dereita). No caso da maqueta poremos un arriostramento con cables para impedir o desprazamento horizontal do primeiro nivel do pórtico.




Figura 2-29. Estructura translacional de orde 2: 1ª translación (a-esquerda) permitida, (dereita) impedida

2) A segunda posibilidade de translación dos nodos, prodúcese no segundo nivel do pórtico, como podemos ver na figura inferior (a). Para impedi-la debemos poñer nese nivel, un apoio articulado, desprazable no sentido

vertical, como se ve na figura (b). No caso da maqueta poremos un arriostramento con cables para impedir o desprazamento horizontal do segundo nivel do pórtico.

130




Figura 2-30. Estrutura translacional de orde 2: (a) 2ª translación permitida, (b-dereita) 1ª e 2ª translacións impeditas

Nota: compárese este modelo co do exercicio 2.2.11

2.2.4 Exercício R-4. Estrutura de 1 nodo ríxido

No nodo A da estrutura inferior actúa un momento externo M_A que desequilibra o nodo e o fai xirar, deformando as barras. Pídesse calcular os momentos flexores das seccións das barras no nodo A debidos a M_A .




Figura 2-31. Estrutura de 1 nodo ríxido (A)

Solución. Calculamos rixideces ó xiro e coeficientes de reparto no nodo A:

Nodo A	
Rixideces ó xiro (K)	Coeficientes de reparto (r)
$K_{AB} = \frac{4EI}{L}$	$r_{AB} = \frac{\frac{4EI}{L}}{\frac{17EI}{L}} = \frac{4}{17} = 0,2353$
$K_{AC} = \frac{4EI}{L}$	$r_{AC} = \frac{\frac{4EI}{L}}{\frac{17EI}{L}} = \frac{4}{17} = 0,2353$
$K_{AD} = \frac{3EI}{L}$	$r_{AD} = \frac{\frac{3EI}{L}}{\frac{17EI}{L}} = \frac{3}{17} = 0,1765$
$K_{AE} = \frac{4EI}{2L}$	$r_{AE} = \frac{\frac{4EI}{2L}}{\frac{17EI}{L}} = \frac{2}{17} = 0,1176$
$K_C = \frac{17EI}{L}$	$r_{AB} + r_{AC} + r_{AD} + r_{AE} = 1,0000$

Illando o nodo das barras, nas seccións de unión aparecerán momentos de acción e reacción (M_{Ax}), que virán dados polos coeficientes de reparto no nodo A:




Figura 2-32. Nodo A illado das barras nas sección de encontro entre barras e nodo. Momentos acción-reacción

Momentos M_{AX}	Momentos transmitidos
$M_{AB} = -0,4706M_A$	$M_{BA} = -0,2353M_A$
$M_{AC} = -0,2353M_A$	$M_{CA} = -0,1176M_A$
$M_{AD} = -0,1765M_A$	$M_{DA} = 0$
$M_{AE} = -0,1176M_A$	$M_{EA} = -0,0588M_A$
$\sum M_{AX} = -1'0000 \cdot M_A$	-----

133

Neste exercicio, podemos observar como a barra mais ríxida AB ó final e a que mais momento absorbe, mentres que a menos ríxida AE, é a que menos momento absorbe. Como vemos a rixidez ó xiro no nodo de cada barra depende da súa lonxitude, inercia, material e tipo de apoio no lado contrario o nodo.

2.2.5 Exercício R-5. Pórtico de 3 barras

Para o pórtico de uniões ríxidas nos nodos da Figura 2-33, que tem em todos os perfis a mesma secção de 15x4 mm, em aço S235 e para uma carga $P=30\text{N}$ situada a uma distância $d=100\text{ mm}$ da união C, calcule:

- Orde de translacionalidade do pórtico. Indicar que ocorreria de não existir o apoio externo na união B.
- Valor dos momentos nos extremos das barras para o pórtico
- Calcular o valor da reacção no apoio B
- Calcular o diagrama de momentos das barras do pórtico, atopando o valor do momento máximo de cada barra.

134




Figura 2-33. Pórtico de 3 barras



Figura 2-34. Exemplo real de pórtico de 3 barras

Solución:

a) Segundo o explicado en teoría, para o cálculo da orde de translacionalidade imos empregar a seguinte ecuación:

$$OT = 3b - v - \sum N(n-1) - \sum \text{Coaccións externas}$$

Sendo:

b = nº total de barras da estrutura

v = nº de ménsulas da estrutura

N : nº de nodos en los que concorren "n" barras


n : nº de barras que concorren no nodo

Coaccións externas (á translación, sen contar xiros):

Para este caso: $OT = 3 \cdot 3 - 0 - 2_{B,C}(2-1) - 5 = 0$

Este pórtico será intraslacional, posto que a súa orde de translacionalidade é cero, e todos os desprazamentos lineais dos seus nodos están impedidos, desbotando as variacións de lonxitude das barras.


De non existir o apoio B, a orde de translacionalidade sería de 1, xa que na fórmula anterior habería 4 coaccións externas en lugar de 5. Nese caso, a posible translación do pórtico sería a seguinte:




Asumindo que as barras son invariábeis en lonxitude, os desprazamentos horizontais dos nodos B e C serían sempre iguais.

b) As etapas do cálculo polo método de Cross, son as seguintes:


I. Descargamos a estrutura




- II. Bloqueamos o xiro en tódalas unións que sexan ríxidas (ás articulacións non lles bloqueamos o xiro). Na figura inferior represéntanse simbolicamente as seccións bloqueadas dos nodos como se estiveran fixadas mediante unha placa.



- III. Cargamos a estrutura



- IV. Calculamos os momentos flexores que aparecen nos extremos das barras cos xiros bloqueados nas unións ríxidas. Estes flexores chámanse Momentos de Encastamento Perfecto (ver táboa ó final deste capítulo). A única barra cargada é a BC. Nesta barra:



$$M_{AB} = +\frac{Pab^2}{l^2}$$

$$M_{BA} = -\frac{Pba^2}{l^2}$$

$$M_{BC}^0 = +\frac{Pab^2}{L^2} = +\frac{30 \cdot 350 \cdot 100^2}{450^2} = +519 \text{ N} \cdot \text{mm}$$

$$M_{CD}^0 = -\frac{Pab^2}{L^2} = -\frac{30 \cdot 100 \cdot 350^2}{450^2} = -1815 \text{ N} \cdot \text{mm}$$

- V. Equilibrado dos nodos.

Equilibraremos os nodos de un en un, procedendo a liberar o xiro. Cando un nodo estea liberado, os demais permanecen co bloqueo que tiñan, para manter as condicións iniciais de cálculo das rixideces. Nesta etapa necesitaremos tamén os coeficientes de transmisión. Coas primeiras obtemos os coeficientes de reparto:




Figura 2-35. Descomposición do pórtico en barras para cálculo de Kij e tij

Resumido na seguinte táboa, temos os valores de rixidez ó xiro:

Nodo B		
Barra BA	$K_{BA} = \frac{4EI}{300}$	$r_{BA} = \frac{\frac{4EI}{300}}{\frac{10EI}{450}} = \frac{3}{5} = 0,6000$
Barra BC	$K_{BC} = \frac{4EI}{450}$	$r_{BC} = \frac{\frac{4EI}{450}}{\frac{10EI}{450}} = \frac{2}{5} = 0,4000$
Sumas Nodo B	$K_C = \frac{10EI}{450}$	$r_{BA} + r_{BC} = 0,6 + 0,4 = 1,0$

Nodo C		
Barra CB	$K_{CB} = \frac{4EI}{450}$	$r_{CB} = \frac{\frac{4EI}{450}}{\frac{10EI}{450}} = \frac{2}{5} = 0,4000$
Barra CD	$K_{CD} = \frac{4EI}{300}$	$r_{CD} = \frac{\frac{4EI}{300}}{\frac{10EI}{450}} = \frac{3}{5} = 0,6000$
Sumas Nodo B	$K_C = \frac{10EI}{450}$	$r_{CB} + r_{CD} = 0,4 + 0,6 = 1,0$

138 Unha vez calculados os coeficientes de reparto e os momentos de encastamento perfecto, anotámolos a carón de cada sección extrema das barras, sobre o esquema da estrutura de partida, antes de comezar co equilibrado de nodos en sucesivas iteracións.

Para o equilibrado de nodos, seguimos os seguintes pasos:

- I. Para establecer a secuencia de equilibrado, escolleremos en cada iteración o nodo co maior valor absoluto do sumatorio de momentos actuantes. Nese nodo, e unicamente nel, permitiremos o xiro.

Neste caso o nodo mais desequilibrado é o C. Os momentos de encastamento perfecto sobre as seccións extremas das barras xeran, por acción e reacción, un momento igual e de sentido contrario nas mesmas seccións dos nodos. Ambos momentos terán o mesmo signo tendo en conta o criterio do método que temos definido.



Figura 2-36. Sentido positivo dos momentos flexores en nodos (esquerda) en barras (dereita) segundo criterio do método de Cross

Separando as barras do nodo, e tendo en conta que os momentos de encastamento perfecto refírense ás barras, o ΣM que desequilibra o nodo C será: **-1815** kN·m, negativo, por tanto sentido horario sobre a barra e antihorario sobre o nodo, ambos co mesmo signo de Cross.





Figura 2-37. Momentos iniciais no extremo das barras cos xiros bloqueados

Ó permitir o xiro no nodo, deformaranse as barras, deixando de ser rectas. Ó deformarse o material (alargarse nunhas zonas e acurtarse noutras) aparecen tensións nas seccións. Estas tensións dan como resultante un momento (repartido) por cada barra que acomete ó nodo, e que contrarresta o momento anterior, equilibrando o nodo, ata que $\sum M_{C,nodo}=0$



Para o equilibrio (nodo C), aplicamos o concepto de coeficiente de reparto:

$$M_{CB} = -r_{CB} \cdot (-1815) = -0.4 \cdot (-1815) = +726 \text{ kN}\cdot\text{m}$$

$$M_{CD} = -r_{CD} \cdot (-1815) = -0.6 \cdot (-1815) = +1089 \text{ kN}\cdot\text{m}$$

139

É preciso ter en conta que os momentos equilibrantes sempre se opoñen ó xiro, e por tanto cambian de signo.

Figura 2-38. Equilibrado do nodo C ($\sum M_C=0$)

Para os momento equilibrantes (ou repartidos), no esquema empregaremos unha cor propia (negro neste caso) e marcarémolos cun punto (ver Figura 2-39). Unha vez que se equilibra o nodo, detense o seu xiro, e procederemos a bloquealo de novo nesta posición.




Figura 2-39. Momentos repartidos en C tras equilibralo

- II. Para que os coeficientes de reparto anteriores (0.4 e 0.6) sexan válidos, os vínculos nos extremos opostos das barras deben corresponderse cos supostos para o cálculo das rixideces no nodo C. Por iso deixamos o nodo B bloqueado ó xiro mentres equilibramos C. O nodo D está encastado co exterior e non vai xirar en ningún instante. Como se mencionou antes, este é o motivo polo que, para poder usar os coeficientes de reparto calculados, só podemos desbloquear o nodo que estamos equilibrando, mentres o resto permanece cos bloqueos iniciais.

Desta maneira, despois de equilibrar C, nos extremos opostos B e D das barras conectadas, aparecen momentos que impiden o xiro (momentos transmitidos). Eses momentos poden obterse mediante o concepto de coeficiente de transmisión. Se o extremo oposto ten o xiro impedido, recordemos que se transmitirá ó longo da barra a metade do momento ($t=1/2$) en barras de E-I constante, e co mesmo signo por ser t sempre positivo. Se o lado contrario está articulado non se transmitirá ningún momento

Para que B non xire mentres o fai C, aparecerá por tanto en B o seguinte flexor:

$$M_{BC} = t_{CB} \cdot (+726) = 0'5 \cdot (+726) = +363 \text{ kN}\cdot\text{m}$$

Do mesmo modo, para que D non xire canda C, ten que aparecer en D un momento que se obtén mediante o coeficiente de transmisión $t_{CD} = 1/2$

$$M_{DC} = t_{CD} \cdot (+1089) = 0'5 \cdot (+1089) = +545 \text{ kN}\cdot\text{m}$$

Para os momento transmitidos empregaremos unha cor propia (azul neste caso) e marcaremoslos con dous puntos (...).




Figura 2-40. Momentos transmitidos polo equilibrado de C

Cada vez que o nodo estea equilibrado, pasarémoslle unha liña recta en cada sección, indicando que todos os momentos existentes ata esa liña, suman cero.

Agora o nodo C quedou equilibrado, e deberemos pasar a equilibrar o seguinte nodo, escollendo de novo o que teña o maior momento total pendente de repartir, en valor absoluto.

Neste caso, o seguinte nodo sería o B, no que o flexor pendente é de $+519+363=+882$.

Procedemos a repartilo entre as dúas barras que o forman, segundo os coeficientes de reparto correspondentes. Temos de novo en conta que os momentos equilibrantes terán sempre signo contrario ó flexor desequilibrado.

A continuación, transmitiranse os momentos correspondentes ata o extremo oposto das barras. De novo recordamos que si o extremo oposto está bloqueado (ou é un engaste externo) o coeficiente de transmisión é $1/2$ neste caso de E-I constante, e sempre conservando o mesmo signo. Si o lado contrario é articulado, non se transmitirá nada.

Agora o nodo B quedou equilibrado, o que indicamos cunha raia despois de cada flexor que pecha o equilibrio.




Figura 2-41. Equilibrado do nodo B ($\sum M_B = 0$)

Esta nomenclatura de un ou dous puntos, e de raías, permite repasar facilmente os cálculos en caso necesario, identificando a que corresponde cada valor.




Figura 2-42. Momentos transmitidos ó equilibrar B

Para a seguinte iteración, escolleremos de novo o nodo con maior momento total pendente de equilibrar (repartir), é dicir o nodo C, con -177, que volveremos a desbloquear ó xiro, para proceder a equilibralo. Os nodos A e D non van poder xirar nunca, por seren vínculos externos que sempre van estar encastados

A orde de equilibrado de nodos ó xiro desde que comezamos o proceso, é a seguinte:

ORDEN: C-B-C-B-C-B...

O método de Cross é aproximativo mediante iteracións sucesivas, no que os momentos que desequilibran os nodos son cada vez mais pequenos. Estes momentos poden ser tan pequenos como se desexe, polo que se podería seguir o equilibrado ata o infinito. O limite de iteracións será posto dunha forma razoable. Neste caso partimos de momentos con valores enteiros, e adoptamos o criterio de realizar as iteracións de Cross sen decimais. No instante no que os flexores desequilibrantes (a repartir) xa non fosen un número enteiro, deteremos o proceso. Non realizaremos a transmisión dos últimos

momentos repartidos, para non deixar desequilibrado ningún nodo. Isto sucede no nodo B, polo que unha vez realizado este último equilibrado, xa non transmitimos máis momento a través das barras, e detemos as iteracións.

traballáramos por exemplo con 1 decimal, o limite podería ser cando comeceamos a traballar só co segundo decimal. Isto dependerá da orde de magnitude dos valores dos momentos.

Unha vez detido o proceso de equilibrado sucesivo, haberá que sumar todos os valores




Figura 2-43. Secuencia completa de equilibrado de nodos

(incluído o momento inicial, si é que o había) de cada columna.




Figura 2-44. Resultado final do proceso de equilibrio de nodos

Co resultado obtido e seguindo o convenio de signos adoptado, podemos debuxar cada barra co valor e sentido de xiro dos momentos nos extremos. O sentido dos momentos dánolo o seu signo de Cross:




Figura 2-45. Flexores nas seccións extremas das barras, indicando o sentido de xiro a partires do signo de Cross

c) Calcular o valor da reacción no apoio B

Amáis do momento calculado por Cross, todas as barras teñen o seu cortante e esforzo axial correspondente.

Por equilibrio de forzas verticais nos nodos, por exemplo o B, o cortante V_{BC} do nodo B da barra BC é igual ó esforzo axial N_{BA} do nodo B de la barra BA (ambos esforzos son verticais), e así o mesmo co resto de cortantes e axiais de cada nodo.




Figura 2-46. Diagrama de sólido libre das barras para obter os axiais e cortantes a partir do equilibrio das barras

Si realizamos unha análise do equilibrio do nodo B (na Figura 2-47 representase illado, con fondo amarelo), teríamos que a reacción R_B , debería estar en equilibrio co axial N_{BC} e o Cortante V_{BA} (por equilibrio de forzas horizontais no nodo). Para obter R_B , imos calcular o valor de N_{BC} e V_{BA} .




Figura 2-47. Obtención da reacción R_B por equilibrio do nodo B

Na barra BA tomamos momentos respecto de A, e así obtemos o valor de V_{BA}

$$\sum M_A = 0 = 552 + 276 - V_{BA} \cdot 300$$


$$V_{BA} = 2,8N$$

Na barra BC, por equilibrio de forzas horizontais, o axial N_{BC} debe ser igual en módulo ó N_{CB} . Pero amais o axial N_{BC} é igual ó cortante V_{CD} , por equilibrio de forzas horizontais no nodo C. Para calcular o valor de V_{CD} , imos facer sumatorio de momentos da barra CD respecto ó nodo D:

$$\sum M_D = 0 = 1199 + 600 - V_{CD} \cdot 300$$

$$V_{CD} = N_{BC} = 6,0 N$$

Facendo equilibrio das forzas horizontais no nodo B, temos que o valor da reacción R_B será:



$$R_B = V_{BA} - N_{BC}$$

$$R_B = 2,8 - 6,0 = -3,2$$

O signo negativo no resultado, indica que, realmente a reacción sobre o apoio externo vai en sentido contrario ó suposto (iría en realidade cara á dereita na figura Figura 2-48).

144

Figura 2-48. Detalle do equilibrio do nodo B

d) Calcular o diagrama de momentos do pórtico, achando o valor do momento máximo en cada barra.





Figura 2-49. Diagrama de sólido libre para obtención dos cortantes nos extremos, por equilibrio das barras

Primeiro calculamos o valor dos cortantes na barra BC. Para elo faremos equilibrio de momentos desta barra, respecto primeiro a B e despois respecto a C.

$$V_{BC} = \frac{552 - 1199 + 30 \cdot 100}{450} = 5,23 \text{ N}$$

$$V_{CB} = 30 - 5,23 = 24,77 \text{ N}$$

Unha vez temos o valor dos cortantes e dos momentos da barra BC, xa podemos calcular, por resistencia de materiais, o diagrama de momentos desta barra. O diagrama das barras AB e CD ó non ter forzas externas aplicadas ó longo delas, o diagrama é lineal entre os valores de momentos extremos.



$$M(x) = -552 + 5,23x; \text{ para } x=350 \text{ mm} \rightarrow M=1278 \text{ N}\cdot\text{mm}$$




Figura 2-50. Diagrama de flexores do pórtico (o diagrama está debuxado do lado no que se atopa a tracción)

Momento máximo BC (centro): 1278 N.mm




Figura 2-51. a) Pórtico cos nodos ríxidos e bases encastadas, sen carga aplicada. b) Deformación do pórtico cando se lle aplica unha carga vertical na viga horizontal do pórtico

Vexamos agora que sucedería se as barras que acometen ós nodos B e C estivesen articuladas.

Neste caso nos extremos B e C os momentos son nulos. Polo tanto a obtención do diagrama de momentos desta barra (a única que ten carga en toda a estrutura) é inmediato ó tratarse dunha viga biapoada:

$$V_{BC} = \frac{30 \cdot 100}{450} = 6'67 \text{ N}$$

$$V_{CB} = 30 - 6'67 = 23'33 \text{ N}$$

$$M_{\text{máx}} = 6'67 \cdot 350 = +2333 \text{ N} \cdot \text{mm} = M_{\text{TOTAL}}$$




Figura 2-52. Diagrama de flexores da barra BC biarticulada

Si no diagrama anterior descontamos os momentos nas seccións dos nodos B e C, cando son ríxidos no enunciado inicial, e movemos a orixe de coordenadas do diagrama de momentos á recta que une a base destes flexores, os diagramas nos dous casos resolto tamén se poderían representar así:




Figura 2-53. Comparación da redistribución do diagrama de flexores ó articular B e C

Ó pasar de nodos ríxidos a articulados, prodúcese unha 'redistribución' do diagrama de momentos flexores, pero a altura total do diagrama non varía:

$$a = 552 \text{ N} \cdot \text{mm}$$

$$b = \frac{1199 - 552}{350 + 100} 350 = 503 \text{ N} \cdot \text{mm}$$

$$c = 1278 \text{ N} \cdot \text{mm}$$

$$M_{\text{total}} = a + b + c = 552 + 503 + 1278 = 2333 \text{ N} \cdot \text{mm}$$

147

M_{total} é igual ó momento máximo isostático (biapoiado).

Como podemos observar, no caso de ser os nodos extremos articulados, a viga horizontal ten que soportar un momento flexor de 2333 N·m, sendo ela sola que ten que facerse cargo dos esforzos flexores debidos a carga P. Pola contra no caso do pórtico con nodos ríxidos, os momentos debidos a carga P son soportados polas tres barras que forman o pórtico, e polo tanto o momento máximo que debe resistir a viga horizontal, é de 1278 N·m, sendo necesario unha viga horizontal moito mais pequeno e sendo un pórtico cos esforzos mellor repartidos.




Figura 2-54. a) Pórtico cos nodos articulados e bases encastadas, sen carga aplicada. b) Deformación do pórtico cando se lle aplica unha carga vertical na barra horizontal superior




Figura 2-56. Secuencia completa de equilibrado de nodos




Figura 2-57. Diagrama de sólido libre das barras, para obtención dos cortantes

$$V_{BC} = \frac{148'98 - 226'94 + 30 \cdot 100}{450} = 6'493 \text{ N}$$
$$V_{CB} = 30 - 6'493 = 23'507 \text{ N}$$
$$M_{m\acute{a}x} = 6'493 \cdot 350 - 148'98 = 2123'57 \text{ N} \cdot \text{mm}$$




Figura 2-58. Comparación entre os diagramas de flexores do problema anterior (amarelo) e o actual (laranxa)

Momento máximo BC (centro): 2123 N.mm

O Diagrama redistribuído de momentos na barra BC queda neste caso:




Figura 2-59. Comparación da redistribución do diagrama de flexores ó aumentar a inercia do lintel BC

Ó pasar de nodos ríxidos a articulados, prodúcese unha 'redistribución' do diagrama de momentos flexores, pero a altura total do diagrama non varía:

$$a = 149 \text{ N} \cdot \text{mm}$$

$$b = \frac{227 - 149}{350 + 100} 350 = 61 \text{ N} \cdot \text{mm}$$

$$c = 2123 \text{ N} \cdot \text{mm}$$

$$M_{total} = a + b + c = 149 + 61 + 2123 = 2333 \text{ N} \cdot \text{mm}$$

Este valor de 2333 N·mm coincide coa altura total do diagrama isostático, biarticulado en B e C.

Neste caso, empregar unha barra horizontal moito mais ríxida que nos exercicios anteriores, fai que esta viga absorba moito mais momento que os pilares, o que con leva a que o seu comportamento se asemelle a dun pórtico con viga horizontal biarticulada. Polo tanto, o deseño do pórtico deste exercicio no e tan óptimo con o que tiña nodos ríxidos cunha inercia similar en todas as barras.

2.2.7 Exercício R-7. Pórtico de 3 barras. Incremento de inercia nos pilares

Vexamos agora que sucede no exercicio anterior si agora os dous pilares verticais teñen de canto 7 mm, mentres a barra horizontal conserva o canto orixinal de 4 mm, mantendo tamén o resto de parámetros de cálculo e as cargas que antes. 'b' é o ancho da sección (común a tódalas barras).




Figura 2-60. Esquema do pórtico

No exemplo anterior tomouse $b=15$ mm, pero como se verá a continuación, este parámetro non inflúe, sempre que tódalas barras teñan o mesmo b .

Calculamos en primeiro lugar os coeficientes de reparto:

Nodos B y C		
Inercia BA = Inercia CD	$I_{BA} = \frac{b \cdot 7^3}{12} = I_{CD}$	
Inercia BC = Inercia CB	$I_{BC} = \frac{b \cdot 4^3}{12} = I_{CB}$	
Barra BA = Barra CD	$K_{BA} = \frac{4E \cdot b \cdot 7^3}{300 \cdot 12} = K_{CD}$	$r_{BA} = \frac{\frac{7^3}{300}}{\frac{7^3}{300} + \frac{4^3}{450}} = 0,8894 = r_{CD}$
Barra BC = Barra CB	$K_{BC} = \frac{4E \cdot b \cdot 4^3}{450 \cdot 12} = K_{CB}$	$r_{BC} = \frac{\frac{4^3}{450}}{\frac{7^3}{300} + \frac{4^3}{450}} = 0,1106 = r_{CB}$




Figura 2-61. Sequencia de equilibrado de nodos




Figura 2-62. Diagrama de sólido livre das barras para obter os cortantes nos extremos

$$V_{BC} = \frac{552'6 - 1644'8 + 30 \cdot 100}{450} = 4'24 \text{ N}$$

$$V_{CB} = 30 - 4'24 = 25'76 \text{ N}$$

$$M_{\text{máx}} = 4'24 \cdot 350 - 552'6 = +931'4 \text{ N} \cdot \text{mm}$$




Figura 2-63. Comparación entre os diagramas de flexores dos problemas anteriores (amarelo e laranxa) e o actual (verde)

Momento máximo BC (nodo C): 1644'8 N.mm

O Diagrama redistribuido de momentos na barra BC queda neste caso:




Figura 2-64. Redistribución producida do diagrama de flexores ó variar a inercia dos piares

Ó pasar de nodos ríxidos a articulados, prodúcese unha 'redistribución' do diagrama de momentos flexores, pero a altura total do diagrama non varía:

$$a = 552'6 \text{ N} \cdot \text{mm}$$

$$b = \frac{1644'8 - 552'6}{350 + 100} 350 = 849'5 \text{ N} \cdot \text{mm}$$

$$c = 931'4 \text{ N} \cdot \text{mm}$$

$$M_{total} = a + b + c = 552'6 + 849'5 + 931'4 = 2333 \text{ N} \cdot \text{mm}$$

Este valor de 2333 N·mm coincide coa altura total do diagrama isostático, biarticulado en B e C.

Neste caso de perfil horizontal con pouca rixidez en relación ós piares, vemos como aumentan moito os momentos nos nodos, especialmente o que está máis preto da carga. Temos que ter en conta que este momento no nodo ten que ser soportado polas dúas barras que o compoñen, e se a barra horizontal ten pouca inercia, non vai ser posible, polo que este deseño non vai se adecuado. 155

En resumo, vemos que ó variar á rixidez relativa entre as barras a altura total do diagrama permanece constante, e o que varía é o reparto entre os positivos e os negativos (redistribución de momentos). O diagrama acada valores máximos de flexores e seccións diferentes en cada caso. A situación na que os flexores nas diferentes seccións da viga son o mais reducidos posible, dáse cando o diagrama ten parte positiva e negativa, resultando un reparto do diagrama total isostático o máis equilibrado posible entre ambas partes. Para elo, o ideal é que da rixidez relativa entre pilares e a viga non resulten uns coeficientes de reparto moi diferentes.




Figura 2-65. Variacións producidas nos diagramas de flexores ó variar as características do pórtico entre exercicios

2.2.8 Exercício R-8. Pórtico de 3 barras con bases articuladas

Vexamos agora que sucede no enunciado inicial si agora as bases dos dous piares verticais están articuladas á cimentación, mantendo o resto de parámetros de cálculo (todas as barras $E \cdot I$), igual que a carga $P=30 \text{ N}$. Calculamos de novo os momentos nos extremos das barras, e a partir deles os diagramas de flexores para todas as seccións das mesmas.




Figura 2-66. Esquema do pórtico biarticulado na cimentación

Solución:

Posto que partimos dos mesmos parámetros que o enunciado inicial, os momentos de encastamento perfecto da barra BC serán os mesmos, xa que esta non varía. Tampouco varía o coeficiente de transmisión $t_{BC} = t_{CB} = \frac{1}{2}$. Polo contrario os coeficientes de transmisión t_{BA} e t_{CD} serán nulos, posto que A e D son articulacións.

$$M_{BC}^0 = + \frac{Pab^2}{L^2} = + \frac{30 \cdot 350 \cdot 100^2}{450^2} = +519 \text{ N} \cdot \text{mm}$$

$$M_{CD}^0 = - \frac{Pab^2}{L^2} = - \frac{30 \cdot 100 \cdot 350^2}{450^2} = -1815 \text{ N} \cdot \text{mm}$$

Nodo B		
Barra BA	$K_{BA} = \frac{3EI}{300}$	$r_{BA} = \frac{\frac{3EI}{300}}{\frac{17EI}{900}} = \frac{3 \cdot 900}{17 \cdot 300} = 0,5294$
Barra BC	$K_{BC} = \frac{4EI}{450}$	$r_{BC} = \frac{\frac{4EI}{450}}{\frac{17EI}{900}} = \frac{4 \cdot 900}{17 \cdot 450} = 0,4706$
Sumas Nodo B	$K_C = \frac{17EI}{900}$	$r_{BA} + r_{BC} = 0,5294 + 0,4706 = 1,0$

Nodo C		
Barra CB	$K_{CB} = \frac{4EI}{450}$	$r_{CB} = \frac{\frac{4EI}{450}}{\frac{17EI}{900}} = \frac{4 \cdot 900}{17 \cdot 450} = 0,4706$
Barra CD	$K_{CD} = \frac{3EI}{300}$	$r_{BC} = \frac{\frac{3EI}{300}}{\frac{17EI}{900}} = \frac{3 \cdot 900}{17 \cdot 300} = 0,5294$
Sumas Nodo B	$K_C = \frac{17EI}{900}$	$r_{BA} + r_{BC} = 0,4706 + 0,5294 = 1,0$




Figura 2-67. Secuencia de equilibrado de nodos

